



SESION ORDINARIA DE 31 DE DECEMBRO DE 2019

(Acta Número 18)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D^a. M^a. Elena Candía López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do **día trinta e un de decembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE NOVEMBRO E EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de novembro e extraordinaria celebrada o día cinco de decembro de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO.

2.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE ALEGACIÓNS, E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ASESORÍA XURÍDICA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto que D^a M^a Elena Candía López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, presentou en tempo e forma un escrito de alegacións respecto da aprobación inicial do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial, realizando dúas suxestións de modificación dos artigos 26 e 36 do texto aprobado inicialmente polo Pleno en sesión de 24 de setembro de 2019.

Visto o informe emitido a respecto pola Secretaría Xeral desta Deputación Provincial, que é do seguinte teor literal:



“De conformidade co establecido nos artigos 3.3.a), d).1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

ANTECEDENTES

- Proposta de modificación do regulamento.
- Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia.
- Proxecto de modificación do regulamento.
- Texto da modificación do regulamento aprobado inicialmente en sesión plenaria de data 24 de setembro de 2019.
- Escrito de 15 de outubro de 2019 suscrito por Dª Mª Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, respecto de dúas suxerencias de modificación do texto aprobado inicialmente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Dª Mª Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, presentou en tempo e forma un escrito de alegacións respecto da aprobación

inicial do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial.

No escrito asinado por D^a M^a Elena Candia López realízanse dúas suxerencias de modificación, que son do seguinte teor literal:

“Primeira.- Debería de incluírse un artigo ou inciso entre os artigos 36 e 37 do texto do Regulamento relativo á interposición de Reconvención nun proceso civil, cando este teña que ser formulada pola Asistencia letrada da Deputación en representación dun concello, pois se ben no artigo 21 do texto do regulamento se esixe a obtención de acordo do órgano competente cando esta teña que ser formulada por parte da Deputación, debe entenderse que a mesma esixencia ten que ser regulada cando a reconvención se teña que formular a instancias dun concello no seo dun proceso civil”.

Segunda.- Solicitar a modificación do apartado 2 do artigo 26 no aspecto relativo ó ingreso da cantidade económica relativa á taxación de custas a favor da tesourería da Deputación cando o beneficiario das mesmas sexa un concello representado polo Servizo de Asesoría Xurídica, no sentido de recoller un apartado no que se teña en consideración que, naqueles casos nos que para a resolución do litixio sexa preciso designar un perito xudicial e os seus honorarios sexan asumidos por un concello, este poida ser resarcido do abono dos mesmos na taxación de custas que se practique, de ser beneficiario das mesmas, ou no seu caso, de existir limitación de custas na sentenza, os concellos poidan ser resarcidos proporcionalmente ó importe dos honorarios totais do procedemento”.

Á vista de ditas suxerencias, infórmase o seguinte:

A) En relación coa primeira das suxerencias:

Considérase plenamente acertada a suxerencia realizada en relación á formulación dunha posible reconvención, pois aínda que á mesma conclusión, enténdese que se debería chegar a través dunha interpretación integrada do artigo 36 (referido á asistencia a concellos) en relación co artigo 21 (referido á asistencia á Deputación Provincial), considérase conveniente aclarar de forma



expresa no artigo 36 dito extremo en beneficio do principio de seguridade xurídica, introducindo en tal precepto un apartado de parecido teor ao referido artigo 21.

B) En relación coa segunda das suxerencias:

Igualmente considérase plenamente xustificada dita suxerencia a fin de que, nos supostos en que se considere necesaria a actuación dun perito designado xudicialmente, o custe para o concello poida ser resarcido, na medida do posible, a través da taxación de costas a reclamar polos Letrados da Asesoría Xurídica, a fin de que o mesmo sexa o menos gravoso posible para o concello correspondente.

De seren finalmente aceptadas as anteriores suxerencias, a modificación resultante sería a seguinte:

1) No artigo 26.2 do Regulamento engadiríase un segundo parágrafo do seguinte teor:

“Non obstante, naqueles casos nos que para a resolución do litixio sexa preciso designar un perito xudicial e os seus honorarios sexan asumidos por un concello, este terá dereito a ser resarcido do abono dos mesmos na taxación de custas que se practique, de ser beneficiario das mesmas, ou no seu caso, de existir limitación de custas na sentenza, os concellos terán dereito a ser resarcidos proporcionalmente ó importe dos honorarios totais do procedemento”.

2) No artigo 36 do Regulamento engadiríase un número 5 do seguinte teor:

“Cando nun proceso civil se estimase procedente formular a reconvencción, e, a súa vez, non fose posible obter o acordo do órgano competente do concello encomendante que autorizase o exercicio da acción antes do transcurso da metade do termo procesual previsto para a contestación, o persoal letrado formulará dita reconvencción sen que sexa necesaria a iniciativa do órgano ou autoridade interesados”.

CONCLUSIÓN

Examinado o expediente a que se contrae o presente informe, así como as suxerencias presentadas por D^a M^a Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, cabe concluír do seu exame e sobre a base dos razoamentos precedentes, que se axusta á legalidade vixente.

O que se informa aos efectos procedentes.

E canto me cabe informar ao respecto; sen embargo, a Corporación resolverá o que estime procedente. O presente informe emítase con carácter preceptivo e non vinculante, e sometido a calquera outro informe mellor fundado en dereito”.

En virtude de todo elo, esta Presidencia propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar as suxestións presentadas por D^a M^a Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seu escrito de alegacións respecto da aprobación inicial do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial.

2º.- Aprobar definitivamente e proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial, cuxo texto, trala incorporación das suxestións, se inclúe no expediente”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta presentada e propoñer ao Pleno a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE VILALBA, SOLICITANDO UNHA



MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE ACTUACIONES INCLUIDAS NO PROGRAMA DE CULTURA DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de VILALBA, no que solicita unha modificación/substitución das actuacións incluídos no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019, ao abeiro do programa de actuacións culturais, infórmase o seguinte:

1. *Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose, na base 21, a data límite do vencemento do programa, o 31 de decembro de 2019 e a data límite para presentar a xustificación, o 31/03/2020.*

2. *O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluída a actuación que se sinala e se pretenden modificar:*

I.- CONCELLO DE VILALBA

a) *O Concello de VILALBA, incluíu no programa de ACTUACIONES CULTURALS, do Plan único 2019 a seguinte actuación:*

CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
VILALBA	8.000,00	6.665,60	14.665,60	FELTIVAL INTERNACIONAL DE FOLCLÓRE DE VILALBA

b) A Alcaldía do Concello de VILALBA, solicita a través de escritos con RE n° 2019RT005961, de 10/12/2019; a modificación/substitución desta actuación incluída no PLAN ÚNICO 2019, ao que acompaña a xustificación dos motivos da non celebración do amentado festival, incorporada ao expediente, polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar o programa de actuacións culturais, indicando as novas actuacións e orzamento, sen modificacións na achega da Deputación, que de ser aprobado polo Pleno ditas modificacións, quedarían incluídas no Plan único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
VILALBA	8.000,00	1.044,75	9.044,75	PROGRAMA CULTURA GALEGA (ACTUACIÓNS DE GUADI GALEGO E DE VACAS)

3. Consta informe da área de Cultura, de data 17/12/2019, favorable ao cambio proposto polo Concello de Vilalba. As bases do Plan Único 2019 establecen na número 23 que a xestión do programa de actividades culturais será levada a cabo pola área de Turismo e Cultura.

4. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

5. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, así como informe da área de Cultura, que xestiona o programa de actividades culturais, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2019.



Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución da actividade cultural relativa ao Concello de VILALBA que se sinala, e que quedan incluídos no PLAN ÚNICO 2019.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de VILALBA e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución da actividade cultural relativa ao Concello indicado, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2019 modificado nas actividades culturais do concellos indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
VILALBA	8.000,00	1.044,75	9.044,75	PROGRAMA CULTURA GALEGA (ACTUACIÓNS DE GUADI GALEGO E DE VACAS)

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que as actividades culturais deberán de estar executadas xustificadas nas datas que se indican nas bases reguladoras”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta presentada e propoñer ao Pleno a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN XENÉRICA DESTA DEPUTACIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de Ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

ANTECEDENTES

PRIMERO: .

O sistema de contratación centralizada estatal permite a adhesión das entidades locais ó abeiro do artigo 229.3 da lei 9/2017 LCSP

O procedemento e competencia para a adopción do acordo consta informado en documento con CSV: IV6RYL7OJU7252OMDRQT4EPHP4.

SEGUNDO: A Deputación De Lugo está interesada na adhesión á Central de Contratación do Estado dacordo co disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público así nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, de 10 de abril de declaración de bens e servizos de contratación centralizada.

En consecuencia, propono ó Pleno da Deputación de Lugo a adopción do seguinte acordo:

-

PRIMERO.- Solicitar a adhesión desta Deputación Provincial á Central de Contratación do Estado con arreglo ó disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público así como nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, de 10 de abril de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, manifestando expresamente a vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento de dita central.

SEGUNDO.- Remitir certificación do presente Acordo, segundo modelo de solicitude de adhesión á Dirección xeral e racionalización e centralización da contratación do ministerio de Facenda, e demais organismos no seu caso competentes para coñecer da presente.

TERCERO.- Facultar á presidencia ou en que esta delegue para a realización dos trámites relativos á execución do presente acordo.



CUARTO.- Facultar ó servizo de contratación e fomento para remitir a documentación relativa á adhesión”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para manifestar a abstención do seu Grupo neste asunto.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación a proposta presentada.

--0000--

5.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA A RECLAMACIÓN URXENTE DE MEDIDAS QUE GARANTAN O FUTURO E O MANTEMENTO DO EMPREGO DE MUEBLES HERMIDA.

Intervén o Sr. Presidente, para manifestar o seguinte:

“Este punto foi substituído por unha Declaración Institucional que foi acordada na primeira hora desta mañá, onde había inicialmente unha proposta do goberno para a reclamación de medidas urxentes que garantan o futuro e o mantemento do emprego de Muebles Hermida. Esta mañá chamoume a voceira do Grupo Provincial do Partido Popular para ter unha reunión urxente de Xunta de Voceiros, esa reunión produciuse, e acordouse transformar este punto nunha Declaración

Institucional que está asinada polos tres Grupos Políticos desta Corporación, e polo tanto substitúe ó punto número cinco. A Declaración Institucional di o seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Ó longo deste ano, a empresa Muebles Hermida, que dá traballo a preto de 100 empregados en Lourenzá, ten atravesado unha complexa situación económica. Unha situación que fixo que os traballadores deixasen de percibir os seus salarios despois do verán e que se saldou coa solicitude do concurso de acredores por parte da empresa a comezos de decembro.

É unha nova mala noticia no que fai ó emprego na nosa provincia, nun ano marcado pola incerteza en torno ós problemas xerados pola situación de Alcoa ou o futuro da central de As Pontes, dous importantes polos de xeración de emprego directo e indirecto para o norte de Lugo. Sen chegar a cifras equiparables, non podemos esquecer a importancia de Muebles Hermida como principal empresa de Lourenzá.

Dáse ademais a circunstancia de que a meirande parte da plantilla sitúase nunha franxa de idade en torno ós 50 anos, co que a posible perda do emprego os situaría nunha situación complicada á hora de atopar un novo posto de traballo

Dende os nosos respectivos grupos queremos mostrar todo o noso apoio, solidariedade e compromiso cos traballadores e traballadoras de Muebles Hermida e as súas familias, ó tempo que esperamos que o traballo do administrador concursal habilite canto antes a posibilidade de que os traballadores perciban os salarios pendentes.

Por todo isto, propoñemos unha declaración institucional cos seguintes puntos:

- A implicación da Xunta de Galicia na busca dunha solución que facilite o futuro da empresa Muebles Hermida e o mantemento dos postos de traballo.



- O deseño dunha política de incentivos que contribúa ó mantemento das empresas lucenses e actúe tamén como incentivo para a captación de novas industrias.
- Instar ao Fondo de Garantía Social O.A (FOGASA), organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, a que axilice o antes posible o pago dos salarios que a empres Muebles Hermida debe aos traballadores”.

Esta Declaración Institucional ten data de trinta e un de decembro de dous mil dezanove, e está asinada pola voceira do Grupo Provincial Socialista dona María del Pilar García Porto, polo voceiro do Grupo Provincial do BNG don Efrén Castro Caloto, e pola voceira do Grupo Provincial do Partido Popular dona Elena Candia López”.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA RECLAMAR A CREACIÓN DUNHA UNIDADE DE ICTUS NO HULA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar a creación dunha Unidade de Ictus no HULA.

Nesta última década de goberno do Partido Popular, tanto Galicia como a provincia de Lugo sufriron as consecuencias das malas políticas sanitarias desenvolvidas pola Xunta. Nun claro desprezo cara ós servizos públicos asistimos a exemplos extremos de precarización, con persoal sanitario que chega a firmar máis de 200 microcontratos ó ano. Unha aposta pola desigualdade, que creaba zonas de cobertura insuficiente o nas que se deixan de prestar determinados servizos, especialmente no rural. O exemplo recente do peche do paritorio de Verín lanzando unha nova ameaza sobre os hospitais comarcais de toda Galicia.

Estas malas políticas afectaron tamén ós grandes hospitais, nos que nesta década tívose convertido en costume o colapso dos servizos de urxencias, debido á mala planificación do sistema. No que fai referencia ao principal centro hospitalario de Lugo, a década puxo de relevo unha situación case que permanente de infradotación de servizos, que non deixaron de ser reclamados polos/as profesionais ou por veciños/as e entidades agrupadas na plataforma en defensa da sanidade pública.

Polo menos dende o ano 2012, veciños/as e profesionais médicos veñen reclamando a creación dunha unidade de ictus no Hula. Unha unidade que permita atender a pacientes con enfermidade cerebrovascular aguda. Estas unidades teñen unha importancia como centro de recepción de pacientes derivados desde las urxencias extrahospitalarias ou doutros hospitais.

Os estudos médicos teñen mostrado que as unidades de ictus melloran as cifras de mortalidade, melloran o proceso de recuperación e diminúen a dependencia dos e das pacientes. É, ademais, unha medida custo-efectiva, xa que diminúe o tempo de estancia media dos e das pacientes.

Cumpre recordar que na provincia de Lugo sofren anualmente un ictus unhas 800 persoas, dos máis de 100.000 casos que se rexistran en España. O ictus é a primeira causa de morte nas mulleres, e primeira causa de incapacidade en adultos, e estímase que aínda que a súa mortalidade vaise reducindo, a súa incidencia aumentará nun 27% no próximo cuarto de século.

A pesares destas cifras, e das reclamacións repetidas ó longo dos anos, temos chegado ata hoxe sen resposta por parte das autoridades sanitarias da Xunta. Lugo e Ourense son hoxe as dúas provincias que carecen deste tipo de servizo nos seus principais centros hospitalarios. No caso de Lugo, cumpre lembrar que o Hula non dispón sequer dun neurociruxano de garda as 24 horas. Ca ironía engadida de que este centro está incluído, como todos os do Sergas, no programa Código Ictus, que busca unha atención temprana e especializada neste tipo de doenza.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista quere mostrar o seu apoio ás reivindicacións dos colectivos veciñais e profesionais que defenden a sanidade pública e somete



para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a

- Dotar ó Hula dun servizo da garda de Neurocirurxía de 24 horas.
- Poñer os medios necesarios para a creación no Hula dunha unidade de ictus.
- Tomar as medidas oportunas para desenvolver por completo o programa Código Ictus no conxunto do territorio galego”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón engadir á proposta de acordo formulada, un novo punto, número 1º, co seguinte texto:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno do Estado a que abone de xeito inmediato a totalidade dos fondos que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en cumprimento do sistema de financiamento autonómico, que aínda retén, ao obxecto de poder destinar parte destes recursos á mellora das dotacións tecnolóxicas e demais medios necesarios nos hospitais públicos galegos, sempre que os servizos técnicos sanitarios os consideren axeitados”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Se mo permiten quixera facer unha pequena puntualización antes de iniciar o debate, que é corrigir un erro na nosa proposta, un erro de transcripción porque onde dicimos “neuroxirurxano” e “neucirurxía” en realidade teríamos que estar dando outros nomes que serían “neurólogo” ou “neurólogos” ou “neuroloxía”.

Na última década, que coincide coa de goberno do Partido Popular, para toda Galicia, a provincia de Lugo de xeito singular, padece as malas políticas sanitarias que se veñen desenvolvendo dende o Goberno da Xunta de Galicia, os exemplos de precarización dos servizos

sanitarios son numerosos, persoal sanitario que chega a asinar máis de douscentos microcontratos cada ano, a falta de igualdade na prestación de servizos levounos a ter zonas de cobertura sanitaria insuficiente, especialmente no medio rural, así como a ter menos efectivos sanitarios tamén de xeito destacado nos concellos máis pequenos, mesmo chegando á extinción nalgún caso, e o peche de determinados servizos como aconteceu recentemente co paritorio de Verín, lanzando así unha terrible ameaza sobre os hospitais comarcais de toda Galicia.

Estas malas políticas afectan tamén ós grandes hospitais, e non só no deterioro dos servizos prestados como poden ser as urxencias onde nestes dez anos se converteu nun costume o constante colapso, segundo explican os especialistas, a causa dunha mala planificación do sistema; pero se falamos da nosa provincia e nos centramos no que fai referencia ó HULA esta década deixou enriba da mesa unha situación de permanente infradotación de servizos, que por certo constantemente foron reclamados polos veciños e veciñas desta provincia e tamén polos profesionais sanitarios, así como polas entidades integradas na plataforma en defensa da sanidade pública.

E no referente ó asunto que tratamos nesta moción, a creación dunha unidade de ictus no HULA foi abordada pola sociedade lucense alo menos dende o ano 2012, ano no que a veciñanza desta provincia e os profesionais sanitarios empezaron a reclamar xa a súa creación; e facíano porque estas unidades de ictus son de vital importancia como centro de recepción de pacientes que veñen derivados dende as urxencias hospitalarias ou extra hospitalarias; porque son necesarias para atender ós pacientes con enfermidade cerebrovascular aguda; porque o ictus é a primeira causa de mortalidade en Galicia, e singularmente no caso das mulleres; e porque en Lugo a poboación conta cos factores de risco de xeito manifesto; pero na idade, que é un dos principais, estamos á cabeza con respecto a outras provincias, xa que o ictus é máis frecuente a partires dos sesenta anos.

Dos sete mil casos de ictus anuais en Galicia oitocentos están na provincia de Lugo; se trasladamos as cifras da nosa provincia ás outras tres estaríamos falando de oito mil casos en toda Galicia en lugar de sete mil. Logo a nosa media está por enriba da do conxunto de Galicia.

Porque no 40% dos casos padecer un ictus inhabilita para a vida cotiá, porcentaxe que se ve incrementada cando o paciente non é debidamente atendido nas primeiras horas. E porque o fin último é reducir a mortalidade acurtando o tempo dende que os pacientes teñen os síntomas ata que



se chega a unha unidade de ictus. E tamén porque ata agora non se materializou a garda de neuroloxía, unha vella reivindicación dos especialistas, que sería o primeiro paso para a posterior posta en marcha dunha unidade de ictus.

Por todo isto a sociedade e os profesionais pedían esta unidade de ictus xa no ano 2012; e porque vostedes saben igual ca nós, porque teñen os datos da Consellería de Sanidade, que esta unidade é necesaria na nosa provincia, para comprobalo chega con amosar os datos do 2017 cando a Xunta de Galicia, intentando sacar peito co plan ictus do Sergas para Galicia, deixaba ó descuberto datos reveladores para esta provincia sobre esta enfermidade, e que é a primeira causa de mortalidade para os galegos e galegas; datos como que, non tendo esta provincia unha unidade de ictus no primeiro ano de funcionamento dese plan ictus para Galicia, se atenderon aquí 138 pacientes na nosa provincia, sendo seis veces superior o número total de afectados; atendéronse 138 pero os afectados foron oitocentos.

Porque a día de hoxe en Lugo, xunto con Ourense, seguimos sen unidade de ictus; esta é a lexislatura do rural, da defensa dos dereitos das persoas que vivimos no rural. Por todo iso nós apoiamos, e queremos facelo manifestamente neste Pleno, facernos ademáis partícipes das inxedanzas e das reivindicacións dos colectivos sociais e profesionais que defenden a sanidade pública, trasladando á Xunta de Galicia os puntos de acordo desta moción para que sexan de aplicación na súa política sanitaria; dotar ó HULA dun servizo de garda de neuroloxía 24 horas para poder atender ós pacientes nesas primeiras horas, podendo extraer o trombo ou atendendo o aneurisma sen derivalos a outros hospitais como está acontecendo agora que se van á Coruña ou a Vigo; que se poñan os medios suficientes para a creación dunha unidade real do ictus no HULA, non simplemente un cartel nunha porta que logo non ten contido ó traspasala; e que se tomen as medidas oportunas para desenvolver completamente o programa Código Ictus no conxunto do territorio galego, polo que tamén nós estaríamos afectados como provincia, xa que ese programa busca a atención temperá especializada nesta doenza; e irónicamente o HULA está incorporado ó programa e non conta nin con garda de neuroloxía 24 horas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A min particularmente o uso partidista, a politización, e as estratexias electoralistas nas materias básicas que conforman a nosa sociedade, que son a sanidade e a educación, prodúcenme un profundo rexeitamento. Esta en concreto máis aínda, cando vostedes se tomaron tan pouca molestia en redactala que confunden a neuroloxía coa neurocirurxía; prodúceme perplexidade. Por un lado parece que a moción está redactada conforme a criterios actuais, está moi de moda neste Pleno escoitar falar de Ourense; por outro lado parece que a colleron vostedes en 2014 ou 2015, pedindo cousas que xa están funcionando e nas que se está traballando.

Entonces persoalmente creo que o mellor que podemos facer é tratar de chegar a un acordo no que todos podamos mostrar unha postura común de defensa dos intereses dos nosos veciños máis alá das necesidades electorais e das urxencias partidistas que poidan ter vostedes. Por iso presentamos unha emenda, xa que por un lado na súa moción pídese que funcione o Plan Ictus que xa está funcionando, e pídese tamén un servizo de garda que tamén está funcionando, polo tanto creo que o mellor sería eliminar iso. E en canto á unidade de ictus, que é certo que é importante e tamén demandada polos profesionais, e axudaría a salvar vidas e a mellorar a atención e o proceso das persoas que sobreviven a este problema, non teríamos maior problema en apoialo.

Tamén é verdade, e diso somos todos conscientes, que os servizos públicos necesitan financiación, e a pesares de que parece que xa vai haber un bipartito a nivel nacional, seguimos esperando que o Goberno Central cumpra coas súas obrigas financeiras coa Comunidade Autónoma de Galicia, e polo tanto propoñemos unha emenda na que o Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno do Estado a que aboe de xeito inmediato a totalidade dos fondos que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en cumprimento do sistema de financiamento autonómico, que aínda retén, ao obxecto de poder destinar parte destes recursos á mellora das dotacións tecnolóxicas e demáis medios necesarios nos hospitais públicos galegos, sempre que os servizos técnicos sanitarios os consideren axeitados.

Supoño que desta volta o voceiro do BNG vai dicirnos que está de acordo pero que, independentemente de se se acepta ou non a emenda, votará a favor; e entendo que polo tanto teño que dirixirme ó Grupo Provincial Socialista para que entre en razón e lembre que a única forma de poder levar a cabo políticas sociais é ter cartos para facelo”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Nós estamos a favor desta moción, é certo que xa temos falado aquí moitas veces de que a sanidade pública galega está indo cara ó vagón de cola, temos un gran hospital en Lugo e ás veces é un cascarón baleiro, alo menos parece así; entónces esta petición que fan os compañeiros do Grupo Socialista é ir atacar un dos problemas que por desgraza, como ben dicía a señora García Porto, as estatísticas din que é unha enfermidade que afecta a moita poboación de xeito grave, polo tanto nós estamos a favor de que se implementen todo tipo de medidas para poder loitar contra iso.

Dicía o Sr. Poy que non lle gusta politizar, pero aquí vimos facer política, e o ensino e a sanidade pública diríxena os políticos, entónces non podemos estar de acordo con esa observación porque é como funciona isto, non sei como quere dirixila senón; pero aquí estamos para facer política e a sanidade pública diríxena a política, por certo nos últimos dez anos da Xunta de Galicia cunha política de recortes e de precarización da sanidade moi clara.

En canto á súa emenda nós evidentemente non a temos que aceptar ou non porque esta é unha moción do Grupo Socialista; nós estamos a favor desa reclamación, non sei se é este o momento de pedila ou non pero por aí tiña vostede razón con esa observación que fixo de cal ía ser a nosa postura; nós imos votar a favor da moción coa aceptación ou non da emenda”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Con tódolos respectos o uso partidista é negar a evidencia e ocultar a permanente negación, e a cerrazón de Feijóo para atender os servizos públicos nesta Comunidade Autónoma e particularmente no medio rural que tanto presumen defender.

Eu creo que vostede si que confundiu o que é a neuroloxía e a neurocirurxía, efectivamente en neurocirurxía si que hai eses especialistas de garda os trecentos sesenta e cinco días do ano; pero en neuroloxía, que é a unidade que afecta para o tratamento do ictus non hai garda 24 horas, de aí

que fixeramos a puntualización, unha cousa é que nós nos equivoquemos ó transcribir e outra cousa é que vostede queira confundir, cousa que se lles dá bastante ben.

A verdade é que levamos varias mocións sobre sanidade e sobre o HULA, pero indo ó concreto deste asunto esta reclamación xa vén dende o ano 2012 alo menos, retomouse con forza no 2015, e agora no 2019 volve ser un clamor social que se instale no HULA unha Unidade de Ictus para os veciños e veciñas da provincia de Lugo; quérolle dicir con isto que chove sobre mollado, esta é unha demanda pública e notoria de toda a sociedade lucense porque nos vemos afectados nunha maioría importante, por cuestións de idade e outros motivos, máis ca outras poboacións de Galicia. Polo tanto cremos que temos, non máis dereitos, pero si os mesmos dereitos ca calquera galego ou galega, de aí que reclamemos esta Unidade de Ictus.

Temos, como vostedes din, un hospital de referencia, pero para nós e para moitos veciños e veciñas estase a converter nunha referencia do xeito lento e cansino de facer política con servizos públicos como a sanidade por parte do Goberno galego. Demandas constantes de persoal, de servizos de hemodinámica, de equipos robóticos como o Da Vinci, dunha Unidade de Ictus agora, onde teñen as orellas os señores do Partido Popular?, onde están os seus intereses para esta provincia?, están en Santiago ou están cos veciños e veciñas da nosa provincia?.

A realidade da sanidade desta provincia baixo os sucesivos gobernos de Feijóo queda resumida rápidamente se facemos un par de buscas en Google onde encontramos titulares que ano tras ano nos repiten o mesmo: 17 de xaneiro de 2012, “*Adace reclama la creación de una Unidad de Ictus en el HULA*”; 9 de febreiro de 2015, “*piden para el HULA una Unidad de Ictus*”; 15 de outubro de 2019, “*unha campaña cidadá pide unha Unidade de Ictus*”. Son tres exemplos pero de verdade que cunha somera busca en Google van atopar moitos máis.

O certo é que aquí o que doe é ver como o Goberno de Feijóo na Xunta de Galicia nos despreza e non nos trata en igualdade cá outros galegos e galegas, e eu entendo que ó mellor dende San Caetano non é fácil ser sensible ás necesidades dos veciños e veciñas da provincia de Lugo, pero para iso están vostedes, para representar a toda a poboación desta provincia e poñer de manifesto as nosas necesidades. Nós non estamos pedindo luxos, estamos pedindo simplemente que no HULA se nos atenda como veciños e veciñas que somos de Galicia en igualdade de



condicións ca outras persoas, porque pagamos exactamente os mesmos impostos e temos exactamente os mesmos dereitos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Sr. Castro, sempre é momento de pedir o que se nos debe ós galegos, alo menos niso supuxen que estaríamos de acordo.

Existe unha diferenza entre facer política e politizar por intereses electorais; unha cousa é facer política e xestionar os bens públicos, e outra cousa é politizar as reclamacións e pretender o que se quere pretender con esta moción; eu creo que a diferenza é bastante clara, e como vostedes son expertos en politizar as cuestións en lugar de en facer política non teño que explicarllo.

Insisto, señora Porto, en que ademáis de non ter tido moita preocupación por esta moción máis alá dos seus intereses electorais, como o demostra o feito de non ser capaz de redactala á primeira de xeito correcto, temos garda no HULA tanto de neurocirurxía coma de neuroloxía. O Hospital Universitario Lucus Augusti é un hospital de referencia de tipo dous segundo o Plan Galego de Ictus, e polo tanto o neurólogo é imprescindible, e témolo.

O Plan está funcionando nos seus dous niveis, no seu nivel médico e no seu nivel de formación, tanto para o cidadán para que coñeza cales son os motivos polos que debe acudir ós servizos médicos por este asunto, como en canto ós profesionais.

Sigo insistindo en que a nós nos parece moi ben reclamar unha Unidade de Ictus como a que vostedes piden, pero é que os outros dous puntos é ilóxico pedilos cando xa están funcionando, e evidentemente véxome na obriga de insistir en que sen cartos non se pode facer, e por iso nos teñen que pagar o que se nos debe, cousa que polo visto o bipartito que teñen alí tampouco o quere facer”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Pouco máis que engadir; nós volvemos insistir en que ante a forma de facer política do Partido Popular nós politizaremos como dicía o Sr. Poy, pero vostedes recurtan, son especialistas en recurtar en sanidade pública; pois ante a política de recortes nós estamos a favor dunha política de mellora do sistema público de sanidade, e polo tanto mantémonos nesa forma de politizar as cousas que é pedir unha sanidade pública galega mellor. Seguimos politizando niso e votaremos a favor”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Politizar é mezclar churras con merinas, que é o que veñen facer vostedes con esta emenda que presentan, dicindo que non se pode crear unha Unidade de Ictus porque non hai fondos do Estado; mire, a Unidade de Ictus, como lle dixen, véñse reclamando dende o ano 2012, e dende ese ano vostedes gobernaron aquí, gobernaron alá, a agora resulta que non o poden facer porque o Goberno Central non fixo os ingresos totais que lle correspondían a Galicia?, é unha cuestión de vontade política non é unha cuestión económica e moito menos que se deba á transferencia de fondos que pode vir do Estado, iso non o poden facer así, e moito menos condicionar o apoio a esta moción con esta emenda que, sinceramente, non aporta, o único que fai é desviar a atención, e intentan condicionar con algo que non inflúe para poder ter ou non ter esa Unidade de Ictus.

Nós non estamos traendo aquí por capricho esta ou outras mocións relacionadas con sanidade na nosa provincia, non é que o Partido Socialista na provincia de Lugo, a veciñanza, ou os profesionais que traballan na nosa provincia, nos volveramos tolos e nos dera un ataque de egoísmo e quixeramos ter moito máis do que hai noutras provincias, nós queremos exactamente o mesmo que hai noutras provincias, queremos ter os mesmos dereitos se nun momento determinado nos vemos nunha situación de enfermidade; e supoño que vostedes e as súas familias, e tódolos que estamos aquí sentados, e os seus veciños, quixerán exactamente o mesmo, iso é o que pensamos a inmensa maioría de galegos e galegas.

Se a vostedes isto non lles parece defender os intereses da provincia, evidentemente non están no mesmo labor político que estamos nós”.



A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Sr. Poy, permítame que lle diga algo, e dentro do espírito navideño que nos embarga a todos hoxe. Falaba vostede de perplexidade, o perplexo é o que están facendo vostedes coa sanidade pública, iso si que é perplexo, e non lle vou citar casos porque están todos enriba da mesa e ben fresquiños. Iso si que deixa perplexo a calquera, sobre todo ós que teñen a mala sorte de sufrir un ictus; e non é unha preocupación só de quen estamos debatendo agora aquí, en moitas ocasións téñense feito eco desta preocupación os veciños da provincia de Lugo que tamén están preocupados.

Polo tanto eu creo sinceramente que cando se fala de cousas tan serias non hai que banalizar, porque isto é moi serio; e o perplexo non é que aquí se debata iso, o perplexo é non ter un servizo público esencial como é este, que si o teñen noutros sitios e, coma sempre, nós parece que temos que ir á cola”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA RECLAMAR MEDIDAS CONTRA A PRAGA DE ROEDORES QUE SOFRE O AGRO LUCENSE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar medidas contra a praga de roedores que sofre o agro lucense.

Desde a pasada primavera, gandeiros e agricultores da provincia de Lugo veñen alertando do incremento da presenza de roedores nas zonas altas dos concellos de Triacastela, Pedrafita, Samos, Cervantes, O Courel e As Nogais. O animal en cuestión, coñecido como rata-toupa (*Arvícola terrestris*), é unha especie de elevada capacidade reprodutiva, con picos de poboación en primavera e outono. O seu período de xestación é duns 20 días, e poden ter ó ano ata 6 camadas de entre unha e seis crías cada unha, o que da unha boa idea da súa capacidade reprodutiva.

A rata-toupa adáptase sobre todo ás paisaxes de pradeira, nas que escava redes de galerías, morde a raíz das plantas e saca a terra á superficie. Esta acción ten como consecuencia unha merma na produtividade das explotacións afectadas. Ademais da produción, diminúe tamén a calidade da forraxe recollida, que ven mesturada ca terra e mesmo cos corpos dos animais. Os afloramentos de terra que xera a rede de galerías provocan danos e roturas na maquinaria á hora de segar e recoller a herba. Ademais, a presenza desta especie ten un efecto chamada para o xabarín, que segue o seu rastro porque lle serve de alimento, co que os danos ó terreo incrementáanse.

Trátase, xa que logo, dun problema medioambiental que ten unha importante repercusión económica na agricultura e na gandería; e que pode ter mesmo implicacións sanitarias, na medida que estes roedores son unha fonte de transmisión de enfermidades. Ademais dos danos directos, o deterioro das explotacións e a redución da extensión real dispoñible para pradería podería chegar a causar a perda das axudas da PAC.

A pesares de todo isto, a Xunta non ten tomado aínda medidas para atallar unha praga que estaría afectando xa a una extensión de 3.000 has. e a unhas 300 explotacións, segundo estimacións dos sindicatos agrarios.

Hai aproximadamente 10 anos, a montaña lucense sufriu tamén unha invasión destes roedores, máis aquela experiencia non derivou no desenvolvemento dun plan de seguimento desta especie ou no deseño dun plan de acción concreto no caso de que a situación se reproducise.

En primavera, os afectados, daquela só un par de parroquias, trasladaron o problema á Consellería de Medio Ambiente. A mediados de novembro, o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, falaba aínda en Triacastela da necesidade



de facer un mapa das zonas afectadas, proceso que tardaría polo menos outros dous meses. A falta de previsión e de protocolos de acción tipificados está agravando a crise e contribuíndo a estender a praga na nosa provincia.

A parálise da Xunta de Galicia contrasta coa actitude doutras comunidades como Asturias, Castela-León ou Navarra, que tamén veñen sufrindo a presenza desta praga. Nelas, abríronse liñas de axudas económicas para os gandeiros afectados, con compensacións por ha. afectada, e traballouse no estudio de diferentes métodos de loita, buscando sempre minimizar o impacto ambiental.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista quere deixar constancia do seu apoio ós gandeiros e agricultores afectados pola praga de rata-toupa e somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a:

- Poner en marcha con carácter urxente un plan de loita contra a praga de rata-toupa, que conte coas achegas da universidade e centros de investigación para deseñar medidas eficaces á vez que respectuosas co medio ambiente.
- Poner en marcha unha liña de investigación permanente, coa universidade e centros de investigación, que permita contar cun seguimento da evolución desta especie e actualizar as medidas de loita.
- Habilitar unha liña de axudas económicas para os afectados, cun sistema de compensación por ha. semellante ó que se ten adoptado noutras comunidades.
- Tomar medidas para garantir que as explotacións afectadas pola praga non teñan impedimentos para computar para a PAC”

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular, preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Proponse o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a adoptar as medidas para facer fronte á proliferación de rata toupas, sempre dentro duns límites rigorosos para co medio ambiente e a actividade do sector agrogandeiro”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Luis Raposo Magdalena, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Dende hai un tempo atrás estas ratas, que se chaman ratas toupeiras, visitaron parece ser os municipios da alta montaña, pero os visitaban dalgún xeito como era os toupos ou outro tipo de ratas coas que non había un dano excesivo, e ata o ano 2007 que houbo tamén algún problema deste tipo.

No ano 2019 o tema pasou a ser un problema gordo porque afecta a municipios da montaña, municipios que, dada a climatoloxía, o seu gando está moito tempo nos establos, polo que teñen que recoller un montón de forraxe para poder albergar este gando. Isto dificulta totalmente, porque estas ratas viven das raíces das herbas que tritura no campo coma se fora unha fresadora, entonces os gandeiros o que van recoller aí é a forraxe envolta de terra que o gando non a come, e recollen moita menos cantidade.

Isto puido terse amañado porque hai pouco tempo atrás, no ano 2019, un grupo de gandeiros, concretamente do concello de Triacastela, conxuntamente con algún sindicato agrario, acudiron á Xunta de Galicia, á Delegación de Medio Ambiente, onde en principio non lle deron importancia ningunha, dende alí mandáronos á Delegación de Medio Rural, déronlle voltas de todo tipo e o que lles dicían naquel momento era que era un tema pasaxeiro que afectaba a moi poucas hectáreas e que non se ían meter a temas puntuais en cada lugar, que iso xa pasara anos atrás e que o tempo lle podía dar solución.

Pois a solución que lle deu o tempo, cando daquela eran tres ou catro pradeiras no municipio de Triacastela, é que hoxe son tres mil hectáreas en toda a zona de montaña, afectando a concellos como o alto de Courel, o alto das Nogais, Triacastela, Pedrafita, Samos, estendéndose dun xeito brutal por tódolos lugares nas pradeiras de montaña.



Isto hoxe é un problema, e a Consellería en principio non tomou ningunha medida porque as ratas seguen campando ás súas anchas por tódolos lugares, e a verdade é que está xerando un serio problema en zonas de montaña que xa se ven afectadas por outras circunstancias, como os temporais, a fauna salvaxe, e por determinadas circunstancias que cada vez fan máis difícil vivir no medio rural, e eu digo: “qué pena, a lexislatura do rural!”; onde está a lexislatura do rural?; porque eu estiven hai uns días, e tamén estivo algún Alcalde que está aquí presente, escoitando unha charla do Conselleiro de Medio Rural onde dicía que parece ser que van elaborar unha lei, viña a recoller suxestións, e parece que había remedio para todo, non sei se sería un tema electoral, había diñeiro para todo pero para o que no hai diñeiro é para erradicar este tipo de problema.

A verdade é que a Consellería de Medio Rural algunha experiencia podía ter, se se van ó ano 2007-2009 cando este problema xa se tivo no concello de Pedrafita, e de inmediato nuns pastizais se puxeron en marcha medidas e controlouse este tipo de pragas. Agora levamos un ano con este tema, está totalmente estendido, e Medio Rural segue pedindo datos, pedindo papeis, e o problema segue a estenderse a pasos axigantados a tódolos lugares, e isto pode ser un problema a curto prazo; agora estamos no inverno, pero volve o verán e xa non son trescentas hectáreas nin en dez lugares senón que son tres mil hectáreas, e de aquí ó verán que se empezará a recoller de novo a forraxe estará o campo contaminado se non se toman medidas urxentes de inmediato para erradicar este tema, ou buscar algunha solución para paliar estes danos mentres non se erradica a praga.

Eu creo que con mirar para outro lado non se soluciona nada, e o que se está facendo en Medio Rural neste caso é mirar para outro lado. Noutras Comunidades Autónomas nas que pasou isto están controlando a praga, e tamén están buscando medidas para cubrir os danos, por exemplo na zona de Asturias, en Castilla-León tamén hai problemas deste tipo, e están mirando o tema con especial interese tamén na zona de Aragón.

Entonces eu creo que son temas moi delicados que están sufrindo os gandeiros, e a verdade é que os gobernos autonómicos deben estar para arranxar este tipo de problemas, este e outros, porque estes son problemas menores se se collen a tempo pero se non se collen a tempo esténdense e hoxe xa non é un problema menor e dentro dun ano supoño que será un problema

moito máis grave se non se toman medidas. Polo tanto son temas que hai que intentar poñelos en marcha o antes posible”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Por parte do noso Grupo imos votar a favor desta moción. É certo que é unha praga que preocupa moito no rural, coma sempre por desgraza ultimamente o rural recibe varios golpes así, e por parte das Administracións, como ben dicía na súa exposición, non se actúa todo o rápido que se debe ou non das formas que se debe; vimos o que pasou coa vespa velutina que se tomou a broma ou se reaccionou tarde, e agora é unha praga xa estendida por todo o país; e isto comeza así e se non se poñen as medidas necesarias para o seu control e se aporta diñeiro para a investigación de como controlalo vai supoñer graves prexuízos, xa o está supoñendo pero vai ir a máis para o rural. E o que falaba o Partido Popular da lexislatura do rural, ó mellor por este camiño podería ser a lexislatura da morte do rural.

Entonces nós estamos totalmente a favor desta moción, que se estude, que se reaccione a tempo, que non se faga como se fixo outras veces, porque xa houbo mostras deste comezo e non se estivo actuando, e agora imos tarde pero pódese actuar, por tanto que se tomen esas medidas e tratemos de salvar o rural; e evidentemente os que xa están afectados hai que compensalos dalgún xeito porque é un sector que con dificultades chega a fin de mes, e con estes golpes non teñen capacidade económica para solventalo. Polo tanto estamos a favor de instar á Xunta a que reaccione, e que por unha vez reaccione a tempo mirando de verdade para o rural”.

Intervén o Sr. Deputado D. Jesús Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Sr. Raposo, todo isto iníciase públicamente, imos retrotraernos ó seu momento, a finais de abril coincidindo coas eleccións municipais; iníciase unha denuncia pública por parte do voceiro socialista no concello de Triacastela; naquel momento a Alcaldesa de Triacastela e xefa territorial de Medio Rural convoca ós veciños, ós gandeiros afectados, e chégase a un acordo de esperar a ver



o que sucedía cos roedores, era un tema circunscrito ó monte de Biduedo no concello de Triacastela.

Curiosamente desaparece a praga, como vostedes lle chaman, aínda que para que sexa praga habería que declarala, e ata finais de outubro, que curiosamente volve haber eleccións, parece ser que é unha praga cíclica electoral. Nese momento a Xunta empeza a tomar medidas lóxicamente con cautela, e facendo medicións correctas do problema.

A primeiros do mes de novembro desprázase a Triacastela e convócase unha reunión a tódalas persoas afectadas por parte do Director Xeral de Gandeiría acompañado da xefa territorial de Medio Rural, que é a Alcaldesa de Triacastela e unha das persoas máis interesadas neste tema; nese momento propónselles ós veciños de Fonfría e Biduedo, que eran os máis afectados e onde se inicia, que se procede a un tratamento inmediato como é a roturación das terras, os veciños rexeitan ese sistema porque consideran que é lesivo para os seus intereses, teóricamente porque levaría as pedras e a roturación contribuiría a causar máis prexuízos que beneficios.

Nese momento inicianse contactos tamén co Goberno en funcións, coa Ministra de Transición Ecolóxica, e en Medio Rural aínda están á espera da contestación, porque neste caso correspóndelle a autorización para a solta de rapaces e para o tratamento de fosfato de aluminio que parece ser que é o sistema máis adecuado, pero que ten que ser feito baixo control técnico e por persoal especializado; estamos esperando que contesten, supoño que como están en funcións non terían un momento para facelo.

A partires desta toma de contacto do Director Xeral de Gandeiría dáse participación a tódolos concellos, eu son Alcalde dun dos concellos afectados, convocamos a tódolos gandeiros e temos dous gandeiros no concello que nos presentan reclamación; e acórdase por parte dos gandeiros, que son as persoas que saben como teñen as súas praderías, pospoñer, como naquel momento estabamos no período de choivas, ata despois da ponte da Constitución. Desgrazadamente como seguimos co período de choivas acordouse pospoñer a reunión co Conselleiro e co persoal de Medio Rural ata despois de Reis, e niso estamos, esperando a que os afectados nos digan exactamente que é o que hai que facer consensuando medidas, non podemos esquecer que noutro momento que sucedeu optouse pola medida máis radical que foi o veneno para

acabar coa praga, que neste momento non se podería utilizar o que naquel momento se utilizou porque non está no catálogo de produtos autorizados.

Falan vostedes tamén na súa moción de que outras Comunidades parece que son moito máis áxiles neste tema, pois Asturias non propuxo máis medidas como se propuxeron aquí de roturación, de limpeza, etc., senón que abriu unha liña económica dotada con oitenta mil euros á cal non acudiu nin un só labrego, entre outras cousas porque ía condicionada a que o terreo estivera asegurado, e lóxicamente ningunha aseguradora asegura un terreo que está contaminado.

Por tanto leccións en tratamento da praga ningunha, porque en 2010 acabouse coa praga, era incipiente como é agora mesmo; falan de tres mil hectáreas afectadas, o Rexistro da Xunta só fala de mil cincocentas hectáreas que é o que hai denunciado realmente, e ante iso nos temos que limitar; esperaremos tamén que por parte do Ministerio nos contesten adecuadamente ó tratamento que hai que utilizar, sexa o fosfato de aluminio que parece que é o que din os técnicos, ou solicitar o rodenticida que se utilizou no ano 2010, ou a solta de aves rapaces que sería outra das posibilidades de control.

Para rematar reiterar que é moi paradóxico que todo isto suceda en épocas electorais, que se denuncie por parte de xente políticamente interesada sen un remedio claro que poñan nin unha solución factible. O Conselleiro o venres pasado en As Nogais manifestábanos a tódolos que estabamos alí, ademáis de garantir que as fincas afectadas non se ían ver implicadas para nada na declaración da PAC, que non vai ter nada que ver, e tódalas que así o estean van computar exactamente igual; e tamén manifestaba que en canto houberse medidas que se puideran adoptar se poñerían en marcha de inmediato.

E é por todo isto que nós propoñemos unha emenda de substitución que xa os voceiros teñen á súa disposición para a súa consideración”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Luis Raposo Magdalena, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:



“Eu reuníme con gandeiros que estiveron nesa reunión, eu non estiven e non sei se foi así ou non, pero creo que o Director Xeral chegou e encontrouse ofendido porque tiveran a reunión co sindicato e dícialles “traedes o champán?”, e os gandeiros pensaron que xa estaba o tema solucionado porque lles pedía o champán, pero parece ser que era porque tiñan que invitar a champán porque se lles adiantou unha subvención estes días; por tanto xa non ía polo problema das ratas senón a venderlles que lles adiantara a subvención, e eu non digo que ningún Deputado ou ningún Alcalde dos que están aquí vendera isto nin moito menos, pero o que si que digo é que non é dun Director Xeral de Gandeiría estar con estes temas de ter que invitalo a champán porque adiantara unha subvención.

A verdade é que á zona de montaña parece que veñen moitos castigos porque noutras zonas ó mellor non afecta isto igual afectan outras cousas, pero hai algo moi importante, e eu teño falado disto moitas veces, que nas zonas de montaña agora estase co tema da enerxía limpa instalando xeradores eólicos por todos lados, iso dá unha importante riqueza ás persoas que lles colle os terreos, ben comunidades de montes ou ben terreos particulares, ou ben ós concellos, o fai sostible cunha cantidade de diñeiro importante onde se instalan xeradores; pois a persoa que lles fala é Alcalde dun concello que ten o 97,7 en Rede Natura, aí non se privou a Xunta de Galicia en declarar toda a zona Rede Natura, agás o eixo da autovía o resto é todo Rede Natura, aí non se poden poñer xeradores eólicos nin nada; e por Rede Natura qué reciben os gandeiros e o concello de Pedrafita?, cero euros, leva catro anos recibindo cero euros; sabe canto reciben os gandeiros por estar en Rede Natura noutros lugares de Europa e de España?, pois retraen o 10% da PAC nalgún país e incrementanlle as subvencións nese 10% ós gandeiros; aquí a Xunta de Galicia cero euros neste tema.

Entonces a zona do rural e da montaña o que nos trouxo foron lobos, con subvencións, osos, con subvencións; os lobos devoran o gando, hai uns días nunha gandeiría nunha noite desaparecéronlle catro xatos que estaban fóra, porque as gandeirías foron estendéndose e non teñen forma agora de metelas dentro polo que as albergan en fincas onde hai pinos; entonces nunha noite desaparecen catro xatos, outra noite desaparece un, outra noite desaparece unha vaca; os osos collen tamén os tenreiros. E para iso hai subvencións da Xunta de Galicia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Afirmar que as ratas aparecen en época electoral non sei por onde tomalo pero parece pouco serio se llo di a algún dos afectados, como se fora un invento quixo dicir, pois dígallo a quen lle afecta á súa pradería a ver se concorda con vostede.

Falou dunha serie de cousas, que viñan directores xerais, políticos, pero o que hai que facer é un traballo serio e científico, está moi ben que se acheguen ós problemas os políticos, ou que nos acerquemos, pero evidentemente para solucionar unha praga hai especialistas que non son os políticos, e o que teñen que facer os políticos é destinar diñeiro para que iso se solucione.

No 2010 dicían que acabaran coa praga, pero non a erradicaron, entón haberá que seguir traballando niso, porque reaparece e está. E discutía dos números se son mil cincocentas hectáreas ou tres mil, pero o caso é que hai moitos afectados, e ó que lle afecta dalle bastante igual cal sexa o número.

Póñanse a traballar niso e doten diñeiro e medidas para acabar con esa praga, porque que lle digan ós afectados que iso é politizar, calquera medida que lle afecte á Xunta de Galicia é facer política, pois están aí para iso, e se lles dá pereza gobernar e non queren solucionar os problemas das galegas e dos galegos marchen, pero mentres estean, que só van estar ata as seguintes eleccións, póñanlle solucións ós problemas, e senón non traten de tontos, porque dicir que as ratas aparecen en períodos electorais creo que é tratar ós gandeiros e gandeiras afectados de tontos, e o que nos estea oíndo dicir esas cousas seguramente se sinta moi decepcionado cunha reflexión coma esa”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Jesús Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Evidentemente creo que das miñas palabras se deduce e se entende perfectamente que os técnicos estiveron traballando sobre o terreo, e que se está cunha recopilación de zona afectada para fixar o territorio e o número de persoas afectadas. Por parte dos técnicos, que son os que teñen que



traballar, non podemos pedir, como di o voceiro do BNG, a erradicación porque estamos a falar dunha especie autóctona e por tanto algo terán que dicir os expertos no tema, sobre todo a xente que ten competencias, sobre todo no Ministerio de Transición Ecolóxica, e tamén por parte da Xunta de Galicia.

Como dixen, dende o momento que se ten constancia das denuncias por parte dos gandeiros, técnicos da Xunta desprázanse á zona afectada, toman nota, proceden a avaliación do problema, reunidos con eles acordan pospoñelo en función da climatoloxía, que veremos agora cando as terras se recuperen das choivas se, como algúns técnicos din, van afectar moito as inundacións nas rateiras ou vai seguir habendo as mesmas, pois todo iso ímolo saber agora, e precisamente en función deses criterios técnicos é polo que se pospón a reunión cos gandeiros nun primeiro momento ata despois da ponte da Constitución, e nun segundo momento a petición dos gandeiros afectados ata despois de Reis. Eu creo que sería oportuno esperar a tomar as decisións para poder ter a maior parte de información posible do problema.

E non teñan a menor dúbida de que dende a Consellería de Medio Rural se está traballando a fondo no tema, e sobre todo tendo en conta que a xefa territorial de Medio Rural e Alcaldesa de Triacastela vai estar sobre o tema, e así se lle trasladou ó Conselleiro o venres en As Nogais nunha xuntanza que tivemos, e créanme que están a disposición dos gandeiros para tratar de solventar o problema, iso si, dentro da legalidade e dentro das medidas que se podan tomar, porque non podemos esquecer que se trata do control dunha praga dunha especie autóctona, non é nada que viñera de fóra nin que non existira no terreo que, afortunada ou desgrazadamente, convive con nós de toda a vida.

En canto a outras invasións foráneas que houbo, eu creo que se está traballando seriamente tratando de controlalas creo que con éxito relativo, e refírome neste caso á vespa velutina”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Luis Raposo Magdalena, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Grazas que tocou nun concello amigo, porque se toca nun concello inimigo como o meu déixanme comer as orellas, pero tocou nun concello amigo e o problema segue aí, polo tanto hai que solucionalo o antes posible.

Pero eu referíame un pouco a que hai diñeiro para todo menos para determinadas cousas puntuais. Saben onde se pode arranxar isto?, cando empecen a vir a Lugo como pasou cos xabaríns, levabamos oito anos pelexando cos xabaríns, acabounos alí con todo, pero chegan a Lugo e rápidamente buscaron arqueiros, buscaron a forma de pillalos e matalos; e as ratas cando veñan a Lugo comer os cables dos semáforos, ou veñan estropear xardíns, posiblemente a Xunta se dará présa, porque claro os gandeiros parece ser que non doen tanto.

O Partido Popular preséntanos unha emenda de substitución, non estamos de acordo con ela porque cun punto só non se soluciona, e porque este tema xa leva un ano e a Xunta non ten que tomar medidas agora senón que tiña que tomar medidas xa dende hai moito tempo, por tanto nós imos votar a moción tal e como se presentou porque non ten sentido esta emenda”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, EN RELACIÓN VERBO DOS ACORDOS DO COMITÉ DE MINISTROS DO CONSELLO DE EUROPA SOBRE A CARTA EUROPEA DE LÍNGUAS REXIONAIS E MINORITARIAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que



celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en relación verbo dos acordos do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre a Carta Europea de Línguas Rexionais e minoritarias

Exposición de Motivos.

O Comité de Ministros do Consello de Europa, na súa xuntanza do pasado 11 de decembro, aprobou as seguintes recomendacións ás autoridades españolas en relación co cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias:

1. Modificar a Lei Orgánica do Poder Xudicial para garantir o uso das linguas cooficiais nos procedementos xudiciais a pedimento dunha das partes.
2. Mellorar o uso das linguas cooficiais na administración do Estado nas Comunidades Autónomas.
3. Eliminar as limitacións do ensino en galego en Galicia.

Na practica, o Comité de Expertos do Consello de Europa ven de facer público un contundente [informe](#) no que insta por terceira vez á derogación do decreto contra o galego no ensino e recolle as principais obxeccións sobre a situación actual do galego postas de manifesto por diferentes entidades (Real Academia Galega e A Mesa pola Normalización Lingüística).

A valoración feita pola Real Academia Galega ofrece os seguintes datos: A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias é un tratado internacional impulsado polo Consello de Europa co obxectivo de protexer os dereitos dos falantes das linguas europeas rexionais e minoritarias. En 2001, o Estado español adheriuse a esta Carta e no momento da súa ratificación comprometeuse a cumprila no conxunto das súas previsións e nos seus termos máis amplos. Así, o seu artigo 8 compromete as autoridades a ofrecer unha liña de educación preescolar e de ensino primario, secundario, técnico e universitario en lingua galega. Este compromiso non só foi incumplido, senón que a normativa sobre o uso do galego no ensino vixente no noso país desde 2010 (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia) se atopa en flagrante contradición con el, ao restrinxir este uso a un máximo do 50% do currículo (e a unha porcentaxe menor nos centros plurilingües), excluíndoo totalmente de materias como as matemáticas, a física e a química. Os datos sociolingüísticos recollidos en Galicia nos últimos anos,

ao igual que os estudos feitos sobre a evolución do coñecemento e uso da lingua galega, mostran un alarmante retroceso do noso idioma na poboación infantil e na mocidade, poñendo de relevo os negativos efectos das limitacións ao uso do galego no sistema educativo.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1. O pleno da Deputación Provincial de Lugo apoia as referidas recomendacións ás autoridades españolas que o Comité de Ministros do Consello de Europa, na súa xuntanza do pasado 11 de decembro, aprobou en relación co cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias
2. A Deputación Provincial de Lugo insta o goberno do estado e á Xunta de Galiza o cumprimento das mencionadas recomendacións. En especial no que se refire a que Galicia se dote dun modelo educativo que garanta os dereitos dos galegofalantes e asegure a vitalidade do noso idioma”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Por desgraza esta é unha moción de emerxencia lingüística, vemos con preocupación que os datos de uso e de coñecemento do galego entre a xente nova no noso país son máis que preocupantes; por primeira vez rapaces de menos de catorce anos non saben falar en galego, e algúns declaran non entendelo. Isto non é algo que suceda porque si, sucede dun feito de que hai dez anos o Partido Popular asinou o Decreto mal chamado “plurilingüismo”, no que declaraba unha guerra aberta ó uso do galego no ensino.

Moitas veces hai discursos de “nos imponen el gallego”, plataformas ou pseudoplataformas como “Galicia bífida”, e agora xa cambiaron o nome de “Galicia bilíngüe” para “hablemos español” que os define moito mellor, apoiadas por dirixentes do Partido Popular, e que están en contra do galego, non sabemos porqué pero moléstalles calquera cousa que teña que ver coa identidade nosa e coa cultura, porque a ninguén se lle pode escapar que o galego é cultura.



Polo discurso do Partido Popular sempre nos chaman ós do BNG como extremistas, e que poñemos alarma onde non a hai, pero despois atopámonos coa realidade, a realidade das enquisas e a realidade de órganos independentes, como entendemos que son os da Unión Europea, que xa non é a primeira vez pero neste último informe da Carta Europea das Línguas Rexionais e Minoritarias dicían que o Goberno do Estado español e da Xunta deben modificar a Lei Orgánica do Poder Xudicial, para garantir o uso das línguas cooficiais nos procedementos xudiciais a pedimento dunha das partes, mellorar o uso das línguas cooficiais na Administración do Estado nas Comunidades Autónomas, e eliminar as limitacións do ensino en galego en Galicia.

En 2001 o Estado español adheriuse a esta Carta de Línguas Minoritarias, e no seu artigo 8 compromete ás autoridades a ofrecer unha liña de educación preescolar e de ensino primario, secundario, técnico e universitario en lingua galega. Este compromiso non é que fora incumplido, é que ese Decreto que asinou o Partido Popular ía totalmente en contra diso, non só limita o uso do galego no ensino senón que prohíbe o uso do galego, moito máis alá de impoñer como din vostedes, aínda que vostedes non adoitan dicilo pero os seus amigos da extrema dereita si que din que se impón; prohíbe o uso do galego en asignaturas como as matemáticas, porque se ve que os nenos e nenas galegas non son capaces de entender dous máis dous catro senón que o entenden mellor en castelán.

Pois non é que o diga o BNG, e non é que o diga a Real Academia Galega que tamén estivo en contra, e non é que o diga a Mesa para a Normalización Lingüística, senón que o di o Consello de Ministros Europeo, que entendemos que vostedes tamén o considerarán independente e que alo menos comprado polo BNG non pode estar ese informe.

Entonces propoñemos unha serie de medidas para empezar a revertir este acoso e derribo á lingua galega, como que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo apoie as referidas recomendacións ás autoridades españolas que o Comité de Ministros do Consello de Europa, na súa xuntanza do pasado 11 de decembro, aprobou en relación co cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias. Tamén instar ó goberno do estado e á Xunta de Galiza ó cumprimento das mencionadas recomendacións, en especial no que se refire a que Galicia se dote

dun modelo educativo que garanta os dereitos dos galegofalantes e asegure a vitalidade do noso idioma.

É importantísimo, a base desta diminución do uso do galego, e non só do uso senón xa de comprendelo, foi ese Decreto lingüístico. Vemos outros lugares europeos ou outras Comunidades Autónomas do noso país ou nacións sen estado que teñen outras linguas con outro tipo de gobernos que defenderon a súa lingua, defenderon a súa cultura, e non só non perden falantes senón que os gañan. O galego, que partía dunha situación moitísimo mellor cá desas linguas doutras Comunidades, agora estamos quedando á cola, e como sigamos con estas políticas o galego vai desaparecer, e nós non o imos permitir.

Nós imos defender sempre a lingua galega, tódalas linguas, pero a nosa que é a galega. E estar en contra dunha lingua, prohibir unha lingua no ensino, non ten outro nome que fascismo, xa se viu noutras épocas e o galego sobreviviu, e imos loitar contra iso. Polo tanto fagan caso desta moción, fagan caso á Unión Europea, e loitemos todos por salvar o galego”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Castro, cada vez que aparece o informe sobre as Cartas Rexionais o Bloque Nacionalista retoma a mensaxe apocalíptica en relación co galego. Non se preocupe por nós señor Castro, nós non temos absolutamente nada en contra do galego, todo o contrario, como imos ter algo en contra do galego nós que precisamente somos a formación política que impulsou as medidas normativas favorecedoras da restauración do galego; como imos estar nós en contra do galego se somos conscientes de que a nosa posición entronca coa maioría social de Galicia; e vostede o dicía, por un lado o nacionalismo acusa ó Presidente Feijóo de ser pouco menos ca o demo porque quere eliminar o galego; por outra banda os outros Grupos, Vox, antes Galicia bilingüe, demonizan ó Presidente Feijóo porque ó parecer o que quere eliminar é o castelán. Si é certo o modelo aristotélico de que no punto medio está a virtude, lóxicamente nós debemos estar aí.



Señor Castro, eu recomendaríalle que se preocupara máis da bancada que ten ó seu carón, por unha razón moi simple, este informe europeo a quen lle pón deberes importantes, deberes serios, é fundamentalmente ó Goberno Central. E mire vostede, pensar que este Goberno Central que está en funcións, máis ben en disfuncións, este Goberno Central que non ten tempo para atender ás pensións, que non é capaz de atender á paga dos funcionarios, que non é capaz de evitar o peche de As Pontes, nin evitará tampouco o de Alcoa, que non é capaz de pagar o que debe, como pensa vostede señor Castro que vai ser capaz de modificar a Lei Orgánica do Poder Xudicial?, como vai ser capaz de implementar medidas para o impulso das línguas minoritarias nas Administracións Públicas?; eu recomendaríalle que lle encenda unha vea a San Felicísimo, Patrón dos imposibles, a ver se esa iniciativa que presenta acada algo de eco nas filas que o secundan.

En canto ó Decreto, nós evidentemente apoiamos tódalas resolucións do Comité, como moi ben dicía vostede, foi o Presidente Aznar quen incluíu a España nese organismo, e ademáis co máximo nivel. A discrepancia en relación co Decreto do plurilingüismo que nos tres últimos informes se vén producindo sabe vostede que obedece a unha diferenza de criterio sobre como se debe entender a normalización lingüística. É vostede perfectamente consciente, Enrique Monteagudo o aclarou de xeito perfecto, que hai dúas maneiras fundamentais de entender a normalización; nun extremo a normalización identifícase con iso que se chama monolingüismo social, é dicir a implantación exclusiva do galego na vida pública; no outro extremo a normalización entronca co que se chama o bilingüismo, é dicir a coexistencia pacífica das línguas en igualdade de uso normativo.

Ese primeiro criterio que defende o nacionalismo, que o defende porque obviamente entronca claramente co seu concepto nuclear de nación, tamén é o que segue o Comité Europeo que considera que a normalización debe facerse a través da inmersión obrigatoria na lingua minoritaria. Pois ben, señor Castro, nós discrepamos dese criterio, a Xunta de Galicia tamén; e defendemos o criterio do bilingüismo, non o do bilingüismo segregador senón o do bilingüismo integrador, para nós unha Galicia bilingüe será aquela en que o conxunto da sociedade teña unha capacidade suficiente para manexarse no uso das dúas línguas, tanto na fala coma na escrita, e para manexarse dende logo con liberdade de uso.

E señor Castro, nós si que defendemos a vixencia do Decreto do plurilingüismo; sabe vostede perfectamente que ese Decreto naceu como consecuencia de dúas circunstancias, unha o fracaso rotundo das políticas lingüísticas do bipartito, e a reacción social en contra que provocou que o Partido Popular tivera que incluír no seu programa electoral a derogación expresa da normativa do bipartito por un lado, e por outro a elaboración de políticas lingüísticas baseadas no criterio de que a poboación galega maioritariamente se inclina na resolución do problema lingüístico por solucións de carácter bilingüe.

Ese Decreto está respaldado pola cidadanía, porque o Partido Popular gañou esas eleccións con maioría absoluta; oito resolucións xudiciais avalían a súa vixencia e a súa validez. Digan o que digan, trouxo paz social a este problema, cumpre os principios da Lei de Normalización Lingüística e do Plan Xeral. E por esa razón, señor Castro, nós mantemos esa vixencia; ademais non esqueza que a pesares do que di o informe os datos combinados dese informe cos do IGE dan unha circunstancia esperanzadora, fréase a caída do galego, por primeira vez o número de galegofalantes aumenta un punto con relación a hai tres anos, 58,99% fronte a 50,9% de hai tres anos. Polo tanto teña ben claro que o noso criterio de liberdade de uso vende bastante mellor que o criterio de imposición lingüística que defenden vostedes”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que non deixa de sorprender que un político como foi don Manuel Fraga cría máis no galego e no galeguismo que os actuais dirixentes do Partido Popular; a verdade é que sorprende ver os cambios de criterio na evolución do seu Partido no que respecta á lingua.

As recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa non fai máis ca corroborar esas eivas que entorno ó galego veñen denunciando ó longo dos anos a Real Academia Galega ou a Mesa pola Normalización Lingüística; como non, a Xunta non é quen, unha vez máis, de escoitar nin á Sociedade Galega nin ás institucións galegas, e agora hai que pasar esa situación vergoñenta de que lle teñan que chamar a atención dende Europa.



Pero xa hai tempo que temos indicadores enriba da mesa que aconsellarían a calquera goberno responsable repensar a súa política lingüística, porque os galegos declaramos un maior nivel de competencia na nosa lingua que os vascos ou os cataláns na súa, un 91% dos galegos somos quen de falala con normalidade, e no que se refire ó catalán ou ó vasco as porcentaxes nesas Comunidades caen ó 73 e ó 32% respectivamente; en Galicia melloraron tamén dende os anos noventa as competencias en lectoescritura.

Pero curiosamente este punto de partida que era tan favorable empeora no momento en que observamos nos últimos anos que se está producindo un proceso e evolución cara ó monolingüismo en castelán ou, dito doutro xeito, que a política lingüística da Xunta acada os resultados contrarios ós que debería perseguir.

Hai unha porcentaxe reveladora que nos di que máis dun 70% dos galegos entre os 65 e os 75 anos emprega preferentemente o galego, na franxa dos 35 ós 55 a porcentaxe cae ó 46%, entre os 5 e os 20 anos a porcentaxe descende de novo ó 26%, e só o 21% dos nenos entre 5 e 9 anos emprega habitualmente o galego.

Todo isto parece dicir que a Xunta está confundindo os contidos educativos coa política lingüística, que os nenos reciben unha boa formación en galego iso é algo indiscutible, pero si polo esforzo nas escolas e institutos dos docentes grazas ó traballo de profesionais do ensino non á vontade dun goberno autonómico. O deseño da política lingüística da Xunta limítase a converter o galego nunha materia escolar máis sen artellar de verdade políticas e aprezo, de prestixio social, que prolonguen o seu uso fóra da aula; isto sen dúbida ten bastante que ver con ese Decreto 79/2010 que limitaba ó 50% a porcentaxe do curriculum que se pode impartir en galego, excluindo por certo as materias de ciencias.

Porque para vostedes o galego non é unha lingua plena, para vostedes o galego non é válido para o ensino da ciencia nin lles vale para a modernidade, non lles vale para o progreso, e por iso as comarcas con maior poboación, dinamismo económico e nivel de urbanización, son os lugares onde a presenza do castelán é maior.

Díto a Real Academia Galega ó principio do seu informe, “temos que ter en conta que Galicia é unha sociedade urbanizada, terciarizada, e cun importante grao de envellecemento, cumpre ter isto en conta para deseñar políticas lingüísticas eficaces”, e eu atrévome a dicir tamén que somos unha sociedade moderna, unha sociedade de aplicacións, de APPs, de novas tecnoloxías, de whatsapps, de plataformas dixitais, pero que nos seguimos diferenciando doutros gobernos, porque por exemplo o goberno vasco ou o catalán chegaron a acordos coas plataformas dixitais para subtitular nas súas línguas as series que emiten, en Galicia isto non acontece, por poñer un exemplo; un acordo que apenas supera o custe dos sesenta mil euros ó ano tal e como ten recollido a Mesa pola Normalización Lingüística. E neste sentido a Xunta de Galicia é evidente que non o fixo, ó mellor o considera un gasto superfluo, porque na súa visión o galego parece ser que non está para modernidades.

E ó igual que lles dixen nalgún punto anterior, a verdade é que creo que deberían facer un esforzo por escoitar á sociedade galega e tamén ás institucións galegas que están poñendo o acento sobre este punto”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Por un lado sorpréndeme a súa intervención señor Agustín, e por outro era de esperar; pero está ben que acepten que lles dá igual o que diga o Comité de Ministros do Consello de Europa; saben aquilo dun que ía en dirección contraria, e pensa que son os demais os que van en dirección contraria, pois é o que vostede acaba de dicir co que é a normalización lingüística.

Resulta que para a Real Academia Galega a normalización lingüística é unha cousa, para a Mesa é unha cousa, para o Consello de Ministros é unha cousa, tamén para toda Europa, para os linguístas en xeral de todo o mundo é unha cousa, pero resulta que para o Partido Popular de Galicia a normalización lingüística é outra cousa, entón con esa explicación xa está, como a vostedes lles vale da igual o que diga o Consello de Ministros, para vostedes normalizar é acabar co futuro da lingua galega.



Falaba de datos e dime que medra o 1% o total dos galegofalantes, pero vaia ó realmente preocupante, viu o que está pasando na xente moza?, viu como por primeira vez hai nenas e nenos que non entenden nin falan o galego?, iso é por primeira vez na historia despois de dez anos de política lingüística do Partido Popular, só se explica desa maneira, entonces vostedes están contentos con iso.

E xa o de desvincularse de Galicia bilingüe, cando houbo dirixentes destacados do Partido Popular nas manifestacións de Galicia bilingüe; e iso de dicir que non son nin dun lado nin do outro, iso non, porque o galego ou se defende ou non se defende, onde están vostedes é no ataque ó galego, pois digan claramente que lles molesta e que queren facer unha política de desaparición do galego, porque é o que están conseguindo; e veñen con este rollo.

Normalizar é que a xente saiba falar o galego, e de feito o informe cita como políticas negativas, e non as cita todas, a política do Decreto do plurilingüismo de Galicia, cita concretamente iso como cousas a non facer. Porque falaba das políticas do Estado e tamén é importante que a Administración do Estado fale en galego, pero o realmente grave é o que vostedes están a facer co ensino, iso é o que vai acabar matando o galego se non desaparecen da Xunta de Galicia. E por certo, tamén cita como políticas a seguir e a copiar o denostado inmersión lingüística catalana ou a política vasca; cita duas do Estado español como boas, e unha como a non seguir que é a galega; polo tanto ó mellor os que van en sentido contrario son vostedes, pero se non lles vale a Unión Europea fagan un brexit”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Sr. Castro, canto mais o oio falar máis me reproduce a posición que vén mantendo o nacionalismo en relación coa lingua, é dicir, contemplala dende o punto de vista do mito da caverna de Platón, de costas e a través de sombras; por iso non se dan conta vostedes de que a pretensión que teñen de eliminar o castelán dos espazos públicos en Galicia é absolutamente imposible.

Por iso non se dan conta de que o problema máis grave do galego non está seguramente no ensino, o problema máis grave do galego está noutros lugares, está fundamentalmente nas áreas urbanas non nas áreas centrais senón nas áreas periurbanas, está nas vilas pequenas, nas vilas cabeceiras de comarca, está fundamentalmente no uso de novas tecnoloxías que fai que a xente nova utilice a lingua máis como elemento de comunicación ca como elemento de identidade, e está fundamentalmente tamén na perda da transmisión xeracional.

Para solucionar eses problemas, para mellorar tamén o Decreto do plurilingüismo nós ofrecémoslle reiteradamente pactos ó Bloque Nacionalista Galego, que os rexeitou sempre; ofrecémoslle un pacto para resolver o problema do uso da lingua entre as asignaturas de carácter técnico e as de entendemento, non quixeron aceptalo; ofrecémoslles un pacto xeral baseado en catro principios básicos, recoñecemento do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, así o recoñecen a Constitución e o Estatuto; recoñecemento do galego como lingua propia de Galicia; medidas discriminatorias en favor do galego; e eliminación de discriminación por razón da lingua, fundamentalmente co criterio de liberdade de uso.

Vostedes non o aceptan señor Castro, porque defenden unha política lingüística en función da súa idea de carácter político, é dicir, a lingua como elemento nuclear do concepto de nación, fieis a esa ecuación unha lingua, unha nación, un estado. Nós non compartimos ese criterio, para nós a existencia de dúas linguas non é un problema senón todo o contrario é unha riqueza que nos distingue, é unha riqueza que nos diferencia, pero que non nos fai exclusivos nin excluíntes absolutamente de ninguén.

Por esa razón señor Castro, e dígollo tamén á señora Porto, nós si que entroncamos coa realidade de Galicia, nós entendemos que a lingua ten que ser o que o pobo que fala queira que sexa dela, esa maioría social é a que nos levou a facer o Decreto do plurilingüismo; recorde aquilo que cantaba Jarcha: “habla pueblo habla, no dejes que nadie usurpe tu palabra”. Nós collemos a palabra do pobo, vostedes queren impoñerlle ó pobo a lingua que a vostedes lles parece oportuna”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:



“Galicia somos nós, a xente e máis a fala, e o Partido Popular leva bastante tempo demostrando que ten unha absoluta capacidade para non ter sensibilidade nin capacidade para escoitar á sociedade galega e ás institucións galegas que están poñendo de manifesto dende hai moitos anos este problema enriba da mesa.

Os expertos, os informes, diferentes avaliacións lles están poñendo enriba da mesa que os seus resultados non son os que se esperaban con respecto á lingua galega, pero vostedes seguen empeñados en repetir a mesma mensaxe unha vez e máis outra, son conscientes do problema, saben que está pasando nas urbanizacións máis grandes, saben o que está pasando na mocidade, pero non están facendo absolutamente nada para atallar o problema.

Eu antes poñíalle a modo de exemplo ilustrativo o que se está facendo noutros gobernos, pero vostedes deciden repetir o problema, recoñecer a súa existencia, pero non tomar medidas para atallalo. Dende o meu humilde punto de vista iso acábase traducindo nunha parvada, unha palabra moi galega pero moi indicativa do significado que ten repetir a mesma cousa moitas veces agardando un resultado diferente pero sen conseguilo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Citaba a señora Porto a Manuel María, e eu podo citar tamén a Castelao que dicía: “se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma”. Deixen xa o mito de que os nacionalistas galegos temos algo en contra do castelán, é mentira, só temos algo en contra de que ataquen á nosa lingua. Fagan caso das institucións que non teñen nada en contra do galego, fagan caso das súas recomendacións, e deixen vivir ó galego.

E que diga que o importante non está na educación, iso parece pouco serio; pódeme dicir onde inflúe máis porque había pouca implantación do galego xa de antes, pero cun proxecto educativo en galego o uso e o coñecemento do galego melloraría, e iso vese noutras nacionalidades sen estado que hai dentro do Estado español, a única onde diminúe é Galicia, será que teñen algo en contra do galego, os que non o temos imos seguir a defendelo”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Neste momento por parte dun setor do público móstranse unha serie de pancartas e carteis, polo que intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Vexo que está habendo un despregue que non se pode facer nas Salas de sesións, non se pode nin manifestar verbalmente a favor nin en contra de ninguén, nin despregar ningún tipo de pancarta. Polo tanto pediríalles que a retiren para seguir co pleno con normalidade, porque isto non é un espectáculo, isto é o pleno da Corporación Provincial de Lugo, e polo tanto pídolles que voluntariamente retiren eses carteis que están mostrando aí”.

A continuación unha parte do público realiza diversas manifestacións de xeito continuado, indicándolle o Sr. Presidente que non poden intervir no Pleno, polo que lle pide respecto e maniféstalle que se continúan coas súas manifestacións terán que desaloxar o Salón.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO A MELLORAR A FINANCIACIÓN DO SISTEMA DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, que di o seguinte:

“M^a. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno do Estado a mellorar a financiación do sistema de atención ás persoas en situación de dependencia

Exposición de Motivos:



A Lei estatal 39/2006, de 14 de decembro, máis coñecida como *Lei de dependencia* ten como obxectivo prioritario a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. Sen lugar a dúbidas esta finalidade constitúe un dos principais retos da política social do noso país e, como tal, sitúase como unha das accións que deberan ser obxecto de atención prioritaria por parte dos gobernos das distintas administracións.

A *Lei de Dependencia* configura un sistema que ten como obxectivo atender as necesidades daquelas persoas que requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria, atopándose, polo tanto, en especial situación de vulnerabilidade.

A posta en marcha desta nova normativa -que nace do consenso de todas as forzas políticas- presenta un difícil obstáculo: o cada vez maior número de persoas que teñen algún grado de dependencia, como consecuencia do progresivo envellecemento da poboación e dos condicionantes da sociedade actual.

Para que os Servizos Sociais poidan chegar a todos os que precisan axuda, en condicións de calidade e igualdade, é preciso que as administracións acheguen o correspondente respaldo orzamentario.

Ninguén dubida de que aplicar a Lei é moi complexo e máis aínda cando mentres o Goberno galego cumpre coas súas promesas, non acontece así co Executivo central. Desde a entrada en vigor da *Lei de Dependencia*, a achega do Estado estivo moi por baixo do modelo deseñado pola Lei de dependencia que establece que a achega se divida en dous partes iguais entre as Comunidades e o Goberno central.

A aplicación práctica deste principio de equilibrio no financiamento, traería como consecuencia un incremento do orzamento destinado a este concepto en, polo menos, 200 millóns de euros só para Galicia, a conta das cantidades que non está a achegar o Goberno de España.

Dos fondos que se destinan a financiar o sistema de atención á dependencia, a Xunta de Galicia paga tres cuartas partes: 76% fronte ao 24% que achega o Estado. Por iso, unha boa forma de que o Goberno central demostre o compromiso coa dependencia sería achegándolle a Galicia os

200 millóns anuais que debe. Con eses cartos poderíamos seguir mellorando as axudas e servizos que se prestan e darlles un impulso histórico.

Esta infrafinanciación da dependencia por parte do Estado, obriga ás Comunidades Autónomas a realizar un esforzo orzamentario tremendo para garantir os dereitos das persoas en situación de dependencia. En consecuencia é fácil deducir que non estamos a pedir ningún compromiso a maiores, só que se cumpra co espírito da Lei de dependencia e o Goberno central achegue a metade do financiamento.

Esta situación contrasta tamén co progresivo aumento do presuposto destinado á dependencia por parte da Xunta de Galicia, o que permite que desde 2009 se multipliquen por catro o número de dependentes atendidos.

De feito, entre as primeiras decisións adoptadas polo Goberno que lidera Alberto Núñez Feijóo, atopamos a aprobación do decreto para axilizar a tramitación dos expedientes sobre dependencia de tal xeito que, hoxe máis de 9.400 dependentes lucenses teñen recoñecido un plan de atención individual co consecuente servizo ou prestación de apoio.

Se analizamos estes datos a nivel autonómico, cómpre lembrar que en 2018, o obxectivo prioritario foi ampliar a extensión do sistema. O obxectivo da lexislatura era conseguir no 2020, 60.000 dependentes atendidos no conxunto da Comunidade Autónoma. Ese obxectivo se cumpriu a finais de 2018 e en Galicia hai máis de 60.000 dependentes atendidos tódolos meses.

En 2019 o novo obxectivo do Goberno galego foi incrementar as contías que perciben os dependentes e tamén se conseguiu. A Xunta de Galicia incrementou entre un 10 e un 75 % a prestación por dependencia que cobran 19.000 persoas por coidados na contorna familiar, por asistencia persoal ou polo Bono Autonomía en Residencia.

De cara ao futuro máis inmediato os orzamentos da Xunta para 2020, os máis sociais da historia de Galicia, reflicten tamén o compromiso coas persoas en situación de dependencia ata o punto de incrementar un 6% gasto do Goberno galego ata os 362 millóns de euros.



Cando algunhas formacións políticas pretenden presentarse ante a sociedade como os máximos defensores das políticas sociais teñen a obriga de poñer en práctica esa condición con feitos concretos, por exemplo, dando a prioridade que merecen o investimento en todas as políticas que afecten á atención directa das persoas dependentes. Non debemos esquecer que os servizos sociais constitúen un dos alicerces básicos do Estado do Benestar.

Por todo elo, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción para instar ao Goberno do Estado a mellorar a financiación do sistema de atención ás persoas en situación de dependencia e propónse a aprobación do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a que se comprometa ao cumprimento da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de protección da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, en relación coa distribución en materia de financiamento e, en consecuencia, dea os pasos precisos para igualar a súa achega á da Xunta de Galicia, incrementado os recursos ata chegar ao 50% dos fondos dirixidos a tal fin”.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“Instar á Xunta de Galicia a que cumpra co establecido no artigo 64 bis da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo á competencia da Administración Autonómica para poder formalizar convenios administrativos para a cofinanciación de centros de día e residencias”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candía López, Voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Permítanme que as primeiras palabras sexa de darlle o bo día, aínda que probablemente non estean invadidos por ese espírito navideño que tantas veces apelou o Presidente, ós traballadores desta Casa, traballadores que nós consideramos da Deputación Provincial de Lugo, que non son outros que os vinte compañeiros de Suplusa que nos acompañan hoxe na sesión plenaria, e tamén ó Alcalde do Incio e ós veciños deste concello, que Sr. Presidente, ó mellor hai

que dar un paso máis e aprobar un regulamento de participación cidadá porque os veciños teñen que ter voz nesta sesión plenaria, e non só na nosa palabra que evidentemente os representamos, que lle vou dicir eu cando nós gañamos as eleccións!, pero con total humildade temos que ser aperturistas e ás veces non lle vai chegar o cronómetro para calar as reivindicacións da xente, ben sabe que nós aí estaremos ó seu lado para traballar polos veciños e veciñas, e moi especialmente polos traballadores desta Casa.

Imos falar de persoas outra vez, hoxe foi un pleno intenso sen dúbida para rematar o ano, onde se trataron tódolos temas e seguramente todos teñen moita importancia. As miñas primeiras palabras tamén quero que sexan de agradecemento polo esforzo de tódolos voceiros por chegar a ese acordo institucional para os traballadores de Hermida.

E agora trata este punto de reivindicar o que é noso, con ese espírito que apelaban para defender o noso idioma, ese espírito que se empregou durante esta sesión plenaria para defender o que é bo para a provincia, pois esta vez tamén o é, son para preto de dez mil familias, os dependentes recoñecidos na provincia de Lugo, que é dende logo o principal obxectivo que nos move nesta iniciativa; pero tamén hai moitos traballadores que traballan nos servizos de axuda no fogar de dependencia dos concellos. En definitiva, é un asunto de gran trascendencia nunha provincia como a de Lugo onde temos un número moi importante de xente maior, cun progresivo envellecemento da poboación, onde o número de dependentes medra de ano en ano.

Nesta iniciativa reivindicamos instar ó Goberno de España a que se comprometa a pagar o que di a Lei 39/2006, de protección da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, coñecida por todos como a Lei de Dependencia, que creo que foi un avance social moi importante no noso país, pero como case tódolos avances sociais teñen que vir dende logo paralelo a un importante compromiso de financiamento, porque no papel é moi fácil recoñecer dereitos. Pero a única maneira de que eses dereitos sexan efectivos, e a única maneira de que efectivamente poidamos poñer en valor un importante estado de benestar, é que a sustentabilidade dos mesmos estea garantida e sexa posible, e para iso é indubidable, aínda que poda parecer materialista pero é real como a vida mesma, é imprescindible ter recursos; era imprescindible ter recursos e así o fixemos saber para poder aumentar os servizos sanitarios, e é imprescindible ter recursos para poder garantir o sistema de prestacións da Lei de Dependencia.



Neste momento, e non se trata tampouco de entrar en moitas cifras porque o importante son as persoas, podemos estar a falar dunha débeda entorno a douscentos millóns de euros, iso dificulta o mantemento dunha garantía importantísima que se construíu entre todos, pero é indubidable que tamén o Partido Socialista ten un protagonismo moi importante na creación e na aprobación desta Lei de Dependencia; non se entendería que non fose o mesmo Partido o que garantira a súa continuidade ou que a puxese en perigo.

Iso é o que vimos pedir hoxe aquí, que se cumpra o que están obrigados a facer por Lei, e desta maneira se garanta a continuidade non só das traballadoras e traballadores do servizo de axuda no fogar dos concellos, non se poña en perigo a estabilidade orzamentaria de tódalas agrupacións locais, pero especialmente dos máis pequenos, e sempre dos de menos de 20.000 habitantes, que se lles axude economicamente porque é a única maneira de que estes usuarios, que en moitos casos non é só un servizo asistencial senón que é un importante apoio psicolóxico e sociolóxico, e que lles permite o que a maioría dos nosos maiores queren que é estar o maior tempo posible vivindo no seu fogar.

O Partido Socialista plantéxanos unha emenda de engádega, para que se inste a cumprir o artigo 64 bis da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais, artigo que foi engadido á Lei polo propio Partido que nós tamén representamos, e non tería ningún sentido non aceptala, entre outras cousas porque ademáis defendemos que é un artigo que estamos cumprindo. Entendo que o obxectivo de todo isto é que Lugo reivindique o que é seu e Galicia reivindique o que é seu, pero evidentemente tamén predicando co exemplo. Polo tanto non hai ningún inconvinte en aceptar esa emenda de engádega”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“A ninguén se lle escapa a importancia, como ben dicía a señora Candia, deses fondos. Estamos completamente de acordo co que expuso na súa intervención así como co contido da moción, só nos chama un pouco a atención que esa mesma petición que se fai agora ó Goberno do Estado non se lle tivera feito mentres vostedes gobernaron no Estado español, porque tamén o

incumpría; estará de acordo comigo en que tampouco os gobernos do Partido Popular cumpriron iso. Tendo en conta iso, e para que se vexa que ata agora se aprobou esa lei pero ningún goberno, incluídos os gobernos do Partido Socialista que aprobaron a lei, foron capaces de dotala economicamente como se prevía ou como é necesario.

Pero, aparte diso, nós estamos completamente de acordo en reclamar para Lugo o que é seu e o que merece, e mais cando estamos a falar das persoas máis desprotexidas ou que máis necesitan nalgún momento a axuda dos políticos e das institucións. Entonces o noso voto vai ser afirmativo, vostede acaba de aceptar a emenda do Grupo Socialista, nós iamos votar a favor de tódolos xeitos, porque cremos que ten sentido, e esperemos conseguir entre todos o financiamento para protexer a esas persoas máis desfavorecidas que é un dos obxectivos principais para o que todos estamos na política independentemente da nosa cor política”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A señora Candia acaba de manifestar que aceptan a emenda proposta polo Grupo Socialista, cuestión que agradezo, tanto o ton proposto como a xenerosidade; pero quero puntualizar algunhas cousas, porque a pesares de que as datas son as que son e que o espírito navideño está aí, o cortés non quita o valente, por tanto creo que hai algunhas cuestións que deben ser puntualizadas necesariamente.

Dicirlles que esa emenda que nós propoñemos agora mesmo, en setembro de 2018 tróuxose unha moción con ese mesmo punto e vostedes votaron en contra, co cal non sei o que cambia pero dende logo o contido desa proposta que nós traemos aquí non é unha cuestión baladí, ten certa coherencia co que vostedes están dicindo porque se vostedes ó Goberno do Estado lle están pedindo que cumpra o espírito da Lei de Dependencia, parece bastante acertado que acepten esa emenda na que nós pedimos que o goberno autonómico cumpra esa obriga de promover convenios de cofinanciación coas entidades locais para os centros de día ou as residencias.

Dito isto, hai que dicir que esa Lei 39/2006 non foi concebida por obra e graza do Espírito Santo, foi unha obra do Partido Socialista por aquel entón, lóxicamente a partires de aí, e non o



di Pablo Rivera nin o Grupo Socialista, senón que o din distintos observatorios especializados no ámbito social, que se nalgún período temporal a viabilidade e a sostenibilidade económica desta lei estivo en perigo foi no período 2012-2017, e creo que non fai falla que diga quen gobernaba o Estado nese momento; durante ese período se cercenaron nada máis e nada menos que 830 millóns de euros nos que a través de Reais Decretos Leis se fixeron unha serie de recortes.

Podería pasar todo o día citando en que consistiron eses recortes, pero básicamente incluso na supresión das cotizacións da Seguridade Social por parte da Administración Xeral do Estado ós cuidadores, máis de 150.000 estiveron en situación de risco, fundamentalmente mulleres; tamén na redución do catálogo horario do servizo de axuda no fogar; ou na contía económica das prestacións que se facían ás Comunidades Autónomas. Iso é só un exemplo do que se recurtou durante ese período. Claro, é a diferenza entre a esquerda e a dereita, cando goberna a esquerda con Decretos-Leis faise pensando nas persoas, cando goberna a dereita parece que esas persoas, que non hai maior erro que facelo, pasan a ser cifras, e iso é bastante grave sobre todo na época na que estamos.

Padecen vostedes bastante do que en sicología se coñece como memoria selectiva, só recordan algunhas cousas, porque foron un dos poucos Partidos do arco parlamentario en Madrid no 2016 que non formaron parte dese pacto de Estado por garantir o sistema de dependencia e de autonomía dos nosos maiores. No ano 2019, neses orzamentos que presenta o goberno socialista ía incluída esa partida para recuperar o que se recurtou durante eses sete anos, vostedes votaron que non, e estou seguro de que neste acordo programático que está enriba da mesa a dependencia tamén vai ocupar un lugar importante.

Dicía polo tanto o Sr. Poy de que el non era partidario de polítizar por intereses electorais, e eu creo que esta moción algo de electoralismo ten, pero creo que chega un pouco tarde. E que queren que lles diga se baixo ó plano autonómico?, no plano autonómico falando da Lei de Dependencia claro que aumentou o número de dependentes, pero é que así o prevía a propia Lei, era unha Lei con carácter progresivo que prevía ir aumentando, o que pasa é que non se fixo ó ritmo que se debiera. E incluso temos un problema bastante serio no tempo de valoración deses dependentes que, segundo informes do Consello de Contas, tárdase máis dun ano en valorar se unha persoa é dependente ou non, o período medio de entrada nas residencias da Xunta de Galicia

está en 453 días cando a Lei prevé que sexan 180, como máximo seis meses; e todos aquí temos pais e avós e non imaxino, e máis nestas datas, un sistema de dependencia, unha lei de servizos sociais, que se tarde tanto en dar unha resposta ós nosos maiores, estamos nunha provincia tremendamente envellecida e creo que debemos dar respostas doutro xeito.

E penso, e lamento que este plantexamento ó mellor teña ese carácter electoralista que se afirmaba dende aí. Aínda así creo que o que se está a propoñer é unha cuestión que os socialistas defendemos e imos defender sempre; nós establecemos ese cuarto pilar do estado do benestar a través desta lei coñecida como Lei de Dependencia, ímolo defender como o defendemos sempre, ímolo facer, como dicía a señora Candia, efectivamente coa viabilidade económica, porque nós non é que o fagamos senón que o comprometemos, vostedes recurtaron cando menos con tres Reais Decretos Leis, e nós o que fixemos foi precisamente todo o contrario, no momento que chegamos e tivemos oportunidade de facelo, propoñelo nuns orzamentos, dotar partidas económicas adicionais, e aí se pode ver, orzamentos que vostedes votaron en contra, e moito me temo que o volverán facer.

Así que eu creo que estas cuestións deben demostrarse con feitos, deben demostrarse de maneira fehaciente a través de cuestións reais”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar o agradecemento polo apoio. E simplemente unha matización en canto a unha moción redactada en termos similares noutra ocasión que non se apoiou, hai un feito bastante significativo, por aquel entonces vostedes estaban pedindo apoios para unhas residencias que aínda non foran capaces de abrir, e se quere pódese dar a volta e preguntarlle ó señor Alcalde de Castroverde que a ten inaugurada dende o ano 2015 e aínda a ten pechada, e como se ía xestionar mentres estaba pechada digamos que era un tema menos prioritario, ata que vostedes foran capaces de abri-la, despois creo que cómpre ese debate como agora, dunha maneira responsable, lle estamos demostrando.

E non se trata tampouco de vir aquí substituír ou explicar a postura dalgún dos nosos compañeiros en Madrid, no Congreso ou no Senado, que tódolos Partidos que aquí temos



representación, incluso agora o Bloque Nacionalista Galego, teñen representación alí, fan o seu papel, teñen a responsabilidade coa provincia e indubidablemente terán que dar conta do que fan e sobradas explicacións.

Nós estamos aquí a falar de Lugo, a falar dos traballadores de Suplusa, a falar da Casona do Incio, a falar dos dependentes de Castroverde, de Mondoñedo ou de Trabada, ou das vinte e tres traballadoras que por exemplo ten o meu concello. Porque enfoquei o primeiro turno da miña intervención nos usuarios que teñen que ser a nosa prioridade, pero non son menos importantes tamén as traballadoras, porque dixo o representante do Grupo Socialista neste asunto que a diferenza entre a esquerda e a dereita era isto, pois eu pódolle poñer un exemplo se queremos mirar atrás, todos recordamos o PlanE, e tamén recordamos cando se acabou de pagar.

Ultimamente a esquerda actual, que tamén coincidirá comigo que a anterior tampouco era así, pero a esquerda que temos agora aínda non sabemos moi ben como vai ser, probablemente o veremos nun breve espazo de tempo, colleu por hábito ese triste método de “eu invito e que pague o que vén detrás”; a iso me refiro no de que crear dereitos e crear servizos é importantísimo pero o que realmente fai que perduren e que consigan os obxectivos polos que se crean é que teñamos un marco orzamentario que os garantan, e ímolo ver agora en Suplusa que parece ser que van pagar vostedes o dobre do que custaba o servizo do mantemento das áreas verdes.

O tema económico, aínda que pode parecer materialista, é a realidade, porque se nós non garantimos que eses servizos podan ser sostibles e que economicamente teñan financiamento, será papel mollado; se nós subimos o salario mínimo e non dotamos desa cantidade económica ós concellos quebraremos os concellos; e vostede goberna en Lánchara e sabe perfectamente o que pasa cando ten programada unha cantidade e de repente un terceiro lle obriga a pagar unha porcentaxe por enriba diso e vostede non o ten orzamentado; diso estamos falando, estamos falando de moitos postos de traballo, pero falando en positivo ben ve que na redacción do texto non buscaba ningún tipo de ataque nin ningún tipo de malestar en ningunha formación política, e moito menos no Partido Socialista que agora nós temos que ser capaces de convencelo que crea en Lugo, que crea por suposto en Galicia, e neste caso que crea nos nosos dependentes”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu estou de acordo no que dicía de que para garantir os dereitos non só son as leis senón que teñen que ir acompañadas de orzamentos, pero cando se fan os orzamentos é certo que non chega para todo, pero hai cousas prioritarias que hai que marcar, e para nós a dependencia debería selo, e para os gobernos do Partido Popular en Madrid non o foi, non foi unha prioridade, non os dotou con suficiencia; tampouco os dotaron co que deberían os gobernos do Partido Socialista.

En todo caso, como xa lles anunciei, sempre e cando vostedes traian propostas coma esta de reclamar o que é xusto para Lugo ou para Galicia, e para a xente dependente, vannos encontrar goberne quen goberne en Madrid, esperamos que vostedes fagan o mesmo, porque é igual de xusto e igual de necesario cando goberna o Partido Popular que cando non goberna. Entonces vaian nesa liña, defendan as necesidades de Lugo sempre e non cando vostedes gobernan alí acepten o que digan os seus compañeiros; dicía que un non sempre ten porque estar de acordo ou defender o que din os compañeiros en Madrid, pero pídano igualmente e defendan a Lugo sempre, e aí vannos encontrar.

E como vostede ben di, a moción vai nun bo sentido e é algo necesario, imos votar a favor, sen esquecer que cando vostedes gobernen non o esquezan; porque tamén fixo un xogo perverso porque dixo que uns invitan e outros pagan, se non lle gustou a Lei que quedou aprobada no goberno do Partido Socialista por iso non a quixeron pagar despois, se lles gustara estarían a favor de seguila financiando co que era necesario; teña coidado con esas afirmacións porque son un pouco contraditorias á moción.

Pero en todo caso ímola votar a favor, e esperemos que se siga avanzando nas políticas de dependencia e que estean financiadas como se merecen para que a xente con máis necesidades teña unha vida un pouco mellor”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:



“Creo que xa está case todo dito, pero por puntualizar algunhas cuestións de certa relevancia; lóxicamente todos aqueles que temos responsabilidades de goberno nos nosos concellos sabemos que os recursos son limitados, pero os políticos temos a responsabilidade e a capacidade de poder decidir cales son as nosas prioridades, e dende logo creo que explicarlle o Partido Socialista que unha das súas prioridades poda ser a dependencia, poda ser o emprego, poda ser a sanidade e a educación, é difícil cando sempre fomos non só os promotores senón os máximos expoñentes da súa defensa.

Así que a Lei de Dependencia que instauramos no ano 2006 dende logo non imos manifestarnos en contra de calquera, sexa quen sexa, que propoña unha moción coma esta de reivindicar máis dependencia e mellores servizos; o que si, e reafírmome no que trasladei, que efectivamente temos unha situación en Galicia moi mellorable porque o di o Consello de Contas, temos moitísimos máis dependentes, o custo por dependente reduciuse nos últimos cinco anos, segundo eran entorno a 6900 euros o que adicaba por dependente a Comunidade Autónoma e agora está adicando 900 euros menos, estamos a falar de que a listaxe de espera para entrar nunha residencia é de 453 días; e creo que son cousas que se teñen que cambiar necesariamente coa dinámica do goberno da Xunta de Galicia, porque é quen ten nese caso a competencia para poder facelo.

Dito isto, tamén quixera aclarar esa proposta que nós facemos nesa emenda do 64.bis que vostedes tiveron a ben aceptar, entendo que abre o que é razoable, o que vostedes tamén din, se lle esixen ó goberno do Estado que cumpra coa Lei de Dependencia parece que o razoable dunha vez por todas nese sentido amplo, nese sentido do diálogo máis institucional, e que se abra dunha vez por todas o cumprimento dese artigo en concreto que, como vostede di, vostedes modificaron, que entre outras moitas cousas preve a posibilidade de que a Xunta poda realizar convenios de moita índole pero entre outras cousas, que é o que máis nos interesa, de cofinanciación con esta administración ou coas administracións locais para poder cofinanciar eses centros de día e residencias que, como sabe, xa están postos en marcha, creo que son un modelo diferente ó que ten a Xunta, que están a funcionar dunha maneira bastante aceptable, e que imos seguir nesa liña.

Polo tanto esa é a proposta, agradezo que vostede estea abrindo dalgunha maneira esa posibilidade que nun futuro, non moi lonxano, a Xunta de Galicia poda asumir e cumprir con ese artigo 64.bis de cofinanciar centros de día e residencias na provincia de Lugo”.

Neste momento, sendo as trece horas e dez minutos, auséntase da sesión a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Aínda que parece que o asunto está sobradamente deliberado, eu creo que é moi importante porque ó final sempre parece que é un debate de dous contra un, e despois aínda encima refrenda o Presidente cando xa non hai turno de réplica; creo que o que debe quedar deste asunto é que estamos de acordo en que o goberno do Estado pague o que debe, que ademáis é un diñeiro que lle debe ós dependentes, e que vai permitir que Galicia siga medrando nesas oito mil prazas públicas, un 42% máis que o ano 2009, máis de tres mil trescentas prazas en centros de día, máis de vinte e catro mil usuarios de axuda no fogar, e en definitiva persoas absolutamente necesitadas do noso apoio e que no Partido que represento sempre van encontrar un aliado, e sempre nesta institución, así coma noutras, con coherencia; é dicir, o que dicimos o un de xaneiro do 2015 será o mesmo do que digamos o un de xaneiro do 2019 ou do 2020 se está sen resolver. Neste asunto e en tódolos demáis como imos ter ocasión de ver a continuación”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Pois ten vostede razón en que teño que intervir porque vostede se dirixe a min, e vexo que vostede quere que interveña.

Eu diríalle que non se traumatice co reloxo, parece que lle preocupa moito o reloxo, e aquí non se trata de silenciar nada, vostede di o que considera, e dá tempo a dicir todo o que queira dicir como pode comprobar, incluso podería dicir máis se resumira mellor a cuestión.



E logo fai vostede unha afirmación que non é correcta señora Candia, vostede di que gañou as eleccións, pois non, vostede pódeme dicir que foi a máis votada pero que gañou as eleccións non, só ten que mirar para a composición desta Corporación, polo tanto non gañou as eleccións, e sen falar de quen goberna a inmensa maioría da poboación da provincia de Lugo.

Pero en todo caso como vostede a referencia que facía era un pouco ó tema da participación, eu diríalle que benvida á participación, pero que pena que durante os preto de catro meses que vostede foi Presidenta da Deputación non lle entrara esta vea tan participativa e non tivera tempo para facer ese regulamento de participación cidadá que agora reclama.

Pero vostede non fixo iso, vostede tratou de aproveitar ben o tempo e en vez de facer ese regulamento que agora pide asinou arbitrariamente, e reitero, arbitrariamente, arredor de trinta convenios onde, menos para un municipio que non gobernaba vostede, o resto eran todos concellos gobernados polo Partido Popular; iso si que é un reparto ben feito, con criterios obxectivos, e dándolle participación a tódolos cidadáns. Pero bueno, como estamos neste espírito navideño, continuamos con el”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón ausentouse da sesión, o que se considera a efectos de votación como abstención segundo sinala o artigo 100 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor, 24 (emitidos polos Sres. Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 1 (correspondente á señora Deputada dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, que se encontra ausente do Salón de Plenos). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada unha vez engadida á mesma a emenda do Grupo Provincial Socialista.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, POLA QUE SE SOLICITA A SUSPENSIÓN DO ACORDO ANUNCIADO POLO PRESIDENTE, DE TRASLADAR A TRABALLADORES DE SUPLUSA A TRAGSA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“M^a. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular pola que se solicita a suspensión do acordo anunciado polo Presidente, de trasladar a traballadores de Suplusa a Tragsa

Exposición de Motivos

O Presidente e a Vicepresidenta da Deputación Provincial de Lugo veñen de comparecer en rolda de prensa para informar que dezanove traballadores de Suplusa, presuntamente adscritos somentes ao mantemento das zonas verdes provinciais, pasarán á plantilla de TRAGSA, trala compra dunha acción de dita empresa polo Organismo Provincial, por importe de 8.225 Euros, pasando TRAGSA a ocuparse do mantemento das zonas verdes provinciais a partir de principios do vindeiro ano (2020) é dicir dentro duns días.

Este anuncio fíxose sen contar cos traballadores afectados, que nin sequera foron convocados a ningunha reunión informativa de tan importante decisión, fíxose sen presentar a documentación requirida pola Entidade liquidadora da propia Suplusa, fíxose sen aclarar os termos do contrato coa empresa Tragsa, nin de duración da encomenda, nin de custo da mesma para a Deputación Provincial, nin sequera dos termos xerais básicos de dito acordo, fíxose variando o criterio que había tido a Entidade Provincial con outros colectivos laborais de Organismos integrados agora na Deputación, e mesmo con outros extraballadores de Suplusa, e fíxose traizoando o espírito do acordo de liquidación da propia SUPLUSA, que non era outro que presuntamente o de xestionar directamente pola Deputación os servicios, e eliminar empresas públicas como SUPLUSA, chamadas por algúns “chiringuitos”, pero non dende logo, liquidar unha empresa pública para comprar accións e contratar despois a outra, na terminoloxía dalgúns, “liquidar un chiringuito para contratar outro aínda máis grande”.



Por todo elo, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción pola que se solicita a suspensión do acordo anunciado polo Presidente, de trasladar a traballadores de Suplusa a TRAGSA, e propón o seguinte acordo:

Deixar en suspenso, o acordo de encargar o mantemento das zonas verdes provinciais a empresa TRAGSA, e subrogar aos traballadores de Suplusa en dita empresa, sen haber informado aos traballadores, sen facer pública a duración, custo e condicións particulares de dita contratación, sen haber trasladado dita información mesmo a propia entidade liquidadora de Suplusa e sen aclarar o futuro do resto de traballadores da dita entidade, traizoando o espírito da liquidación de Suplusa que o goberno xustificou na mellora da xestión pública e directa das encomendas que antes tiña dita entidade Suplusa”.

Neste momento, sendo as trece horas e trinta minutos, incorpórase á sesión a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Benvidos ós veciños do Incio e ó Alcalde, e benvidos tamén de forma moi especial ós traballadores de Suplusa.

A min prodúcenme enorme pena estas mensaxes navideñas, aquí todos dende estes confortables asentos falando das boas navidades para todos, o Sr. Presidente desexando felices navidades a todos, non sei se ten esa felicitación de navidades ós traballadores de Suplusa, ten a ocasión de mirarlles ós ollos e dicirlles se realmente tamén lles desexa feliz nadal.

Porque vostede o que fixo en nadal, Sr. Presidente e señores do goberno da Deputación, foi enganarnos a todos, á provincia de Lugo, á comisión liquidadora de Suplusa, a este Pleno, e de xeito moi específico ós traballadores de Suplusa, Polo tanto fan moi ben vir aquí a desexarlles a todos felicidades, deséxenllas tamén a eles.

O que fixeron vostedes non é máis ca un auténtico atropelo, incumprindo absolutamente todo o que dixeron. Dá moita mágoa oír dende as bancadas do goberno falar de que cando goberna a esquerda o fan pensando nas persoas, nas súas propias persoas señor Rivera porque noutras persoas non pensan; non creo que pensen moito nos vinte traballadores e nas súas familias, que levan vinte anos traballando para Suplusa, moita pena non lles debe dar a súa situación.

Pero vou facer un pequeno percorrido do esperpento que vostedes levan facendo coa liquidación de Suplusa en pouco máis de catro meses, e mire que é triste que a última moción deste ano sexa precisamente esta. Vostedes, cando fixeron o acordo de goberno, empezaron anunciando o 27 de xullo un acordo entre o Partido Socialista e o BNG no cal ía incluída a liquidación de Suplusa, por certo unha empresa pública desta Deputación, unha empresa luguesa dende hai moitos anos, dun funcionamento exemplar que se demostra cada día que pasa.

Señores do BNG, vostedes, os que defenden o emprego público, o emprego de calidade, a sanidade pública, a educación pública, o galego, vostedes os que patrocinan todo, os que dicían que Suplusa era un “chiringuito”, e agora apoian a compra do que tamén dicían que é o maior “chiringuito” de España que é TRAGSA, xa lles amosarei o que dixo o BNG nos últimos anos sobre TRAGSA. E vostedes, os que defenden o galego, a sanidade pública, a educación pública, o traballo público, a xestión directa, resulta que son cómplices do que acaban de acordar.

Vostedes, os que ían adelgazar a Deputación de Lugo; vostedes, os que ían facer de Suplusa o mesmo camiño que percorreron antes co Inludes ou coa Fundación Tic; vostedes, os que dan exemplo de progresistas. Vostedes o que acaban de facer en catro meses é tomarnos o pelo a toda a provincia, a toda a Corporación, e de xeito máis duro e máis sentido ós traballadores de Suplusa.

Nese acordo do 27 de xullo resulta que o problema que había en Suplusa era que ían adelgazar e modernizar a Deputación, e nin adelgazan nin modernizan nada, ó que lle chaman agora modernizar é contratar a TRAGSA para facer os traballos que facía Suplusa, ou sexa o que din noutros sitios que é contratar un chiringuito para privatizar a xestión pública. Vostedes o que fan de adelgazar é no acordo que tomaron, que acabamos de saber del, é destinar máis de 400.000 euros para pouco máis de seis meses, que é o que lle vai custar á provincia de Lugo e ós



contribuíntes desta provincia a súa xestión; adelgazar nada, engordan; xa engordaron o custo deste goberno que é o máis caro da democracia, pero agora engordan o custo para os contribuíntes das súas erráticas decisións. Porque o único problema que houbo en Suplusa é que tiñan un lío enorme no Partido Socialista, entre o Presidente de Suplusa, que por certo era Deputado do Partido Socialista e votárono vostedes para que fora, e o que era Presidente da Deputación.

Todo iso en xullo. En agosto, imos recordar as palabras do Sr. Presidente e do goberno: “agardamos que na liquidación de Suplusa reine a sintonía”, qué sintonía?; “agardamos que haxa consenso, transparencia e información a tódolos traballadores”, nin tiveron a dignidade de falar con eles. É penoso ver ós traballadores en plenas festas de nadal lendo o seu futuro nos periódicos; “imos modernizar e adelgazar”, e xa acaban de comprometer máis de 400.000 euros para que acaben nas arcas de TRAGSA; “imos apostar por unha xestión directa na subrogación dos traballadores tal e como fixemos antes co Inludes e coa Fundación Tic”, onde está esa decisión?. Fixeron unha serie de atropelos absolutamente intolerables.

Seguiremos na segunda parte unha vez que saibamos se hai a mínima posibilidade de que reconduzan a súa decisión e deixen en suspenso o que anunciaron que acordaron, ou se seguen neste auténtico atentado e estafa que cometeron con Suplusa e con esta Deputación”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“É difícil contestar este exercicio de demagoxia por parte do Partido Popular, porque vostede tiña acceso, como tivemos todos, ós informes xurídico-técnicos e ás explicacións; polo tanto sabe porque se tomou esta decisión, e tomouse porque era a única viable para non ter que afrontar despedimentos, e para que tódolos traballadores mantiveran as mesmas condicións.

Non se fai un contrato a TRAGSA, faise un *in-house* que non é exactamente o mesmo, e vostede sábeo. E ademáis sabe perfectamente que o que poñían enriba da mesa as outras opcións era decidir sobre se algúns traballadores se tiñan que ir ou non á rúa. Iso vostede sábeo e non o conta, porque falaban de politizar e de facer electoralismo e dixeron: “non imos pasar esta oportunidade de facer electoralismo con isto, unímonos ó acordo de disolución de Suplusa, porque

tiñamos aí uns problemillas xurídicos que preocupaban, ímonos unir aí, pero agora non imos deixar pasar sen facer política barata”.

Porque a decisión non é soamente política senón máis que nada é unha decisión xurídico técnica do que se podía facer manter exactamente igual que está, con tódolos dereitos dos traballadores; estaban cobrando a nómina de Suplusa e van pasar a cobrala por Tragsa, Pero vostede, porque llo dixeron, e porque ademáis é da comisión liquidadora, soubo de primeira man, e a mín transmitíummo a miña compañeira, que era a única opción que había, de feito na súa moción non propoñen ningunha solución.

Entonces falemos claro, non sei se é a decisión máis bonita ou a máis popular, pero o que sei seguro é que era a única que nos puxeron enriba da mesa para que tódolos traballadores quedaran nas mesmas condicións e non houbera que afrontar ningunha decisión que sería grave”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que ten razón o compañeiro Efrén, non é fácil intervir despois desta dramática función demagóxica que acaba de facer o señor García, pero ante as acusacións que acaba de verter e ante a demagoxia que acaba de aplicar na súa intervención creo que é convinte dicir que eu non comparto para nada a súa opinión, agora ben, entendo claramente cal é o seu xogo, un xogo político no que o Partido Popular intenta xogar novamente con este asunto; e é que a vostedes sempre lles gustou xogar con Suplusa, e agora pretenden utilizar tamén ós seus traballadores.

Pero eu fágolle unha pregunta señor García: durante todo ese tempo que vostedes tiveron mando e praza en Suplusa, incluso capacidade para influir sobre un goberno provincial en minoría, preocupáronse algunha vez pola situación das encomendas de xestión que tiña esta Casa con Suplusa e polo que podía acontecer cos seus traballadores?, eu sinceramente non o lembro.

O seu xogo é tirar a pedra e esconder a man, ese é o seu modelo, gústalles sementar dúbidas, infundir temor; repito, ese é o seu modelo, non é o modelo deste goberno. Son tan



demagógicos que a súa voceira, a señora Candia, hai un momento, nun xogo dialéctico, chamoulle “compañeiros traballadores da Deputación” ós traballadores vinculados a unha encomenda de xestión que esta Casa tiña cunha sociedade mercantil, iso é demagogia pura; podémoslo considerar compañeiros?, si, pero non traballadores da Deputación; e vostede sabe, señora Candia, que iso non o está facendo correctamente, e sabe perfectamente ademáis porque llo digo.

Cun informe na man que viña dado despois dun acordo plenario por unanimidade para a disolución desta sociedade; cun informe na man, señor García, que vostede tivo coma mín o día 9 de decembro, e do que lle demos traslado á Deputación o día 11, e no que lle dicimos claramente, porque así o recolle o propio informe, que se daba traslado para que a Deputación tomara a decisión que legalmente procedera, “para que se retome e decida a continuidade ou non”, así o poñía no informe, “do servizo e nos termos e formas do mesmo consonte ás normas administrativas desta Casa”, informe que se facía a petición dos liquidadores sobre a situación das encomendas de zonas verdes, se plantexaban serias dúbidas da vixencia desas encomendas de xestión, de aí que se lle dera traslado dende a comisión liquidadora á Deputación Provincial para que actuara entendendo que a sociedade Suplusa estaba superada e vencida na súa actuación nese momento.

E iso é o que aconteceu, démoslle traslado á Deputación, e a Deputación con ese informe na man púxose a traballar; e tódolos departamentos, e aquí quero aproveitar para felicitar tamén a implicación dos diferentes servizos da Deputación, se puxeron a traballar a reo, dende o día once, que é o día no que se recibe, ata o día en que se materializa ese encargo, que foi na pasada Xunta de Goberno do día 27, para que os traballadores e traballadoras de Suplusa tiveran unha solución na man; porque o compañeiro Efrén acaba de dicirlllo claramente señor García; podíamos ter unha primeira opción que era deixar de prestar o servizo, ninguén obriga á Deputación de Lugo a manter o servizo de mantemento das zonas verdes. Esa era a primeira opción, pero non era a que quería este goberno.

A segunda podía ser privatizar o servizo, e en lugar de buscar unha empresa pública que lle dera cobertura absoluta ós traballadores nas mesmas condicións se fixera cunha empresa privada, e logo xa veríamos o resultado, e sobre todo cando pase o tempo veríamos o resultado.

En terceiro lugar podíase intentar provincializar o servizo, pero habería que superar por parte dos que quixeran integrarse nesa provincialización de servizo os debidos procedementos selectivos de mérito e capacidade; garantimos así os postos de traballo señor García?, na miña humilde opinión creo que non, e tampouco se podería facer con carácter inmediato.

E había unha cuarta solución que era encargar estes traballos e os servizos a outra empresa pública, que neste caso é TRAGSA; somos moitas as entidades, 28 en concreto, que temos accións compradas con TRAGSA para poder facer traballos e servizos, e neste caso abríase unha porta non só para isto senón para máis cousas que virán no futuro, e tamén para os concellos da provincia, que xa me contarán vostedes se se suman ou non co tempo a esta cuestión.

E con isto conseguíamos manter o encargo das zonas verdes vixente coa subrogación dos traballadores exactamente nas mesmas condicións salariais e laborais, pasando dunha empresa pública como era Suplusa a unha empresa pública como é TRAGSA, ese encargo produciuse antes de que rematara o ano, para que o día un de xaneiro, que é mañá, TRAGSA sexa responsable da realización dos traballos de mantemento das zonas verdes, cos vinte traballadores subrogados nas mesmas condicións que tiñan; para levar isto a cabo evidentemente houbo que facer esa compra dunha acción, houbo que trasladar tódolos informes requiridos ó expediente, e houbo que tramitalo con moita celeridade para que os traballadores tiveran tódalas garantías e non nos viramos abocados a unha situación que dende logo sería máis lamentable cá que temos no momento actual”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A resposta é moito máis vergoñenta aínda do que cabía prever. Realmente é curioso, e acábano de escoitar os traballadores de Suplusa, resulta que o BNG e o Partido Socialista din dúas cousas completamente contrarias ante unha decisión totalmente insostible; o BNG di que non había outra alternativa, fixeron a única alternativa que había; e o Partido Socialista acáballe de comentar catro alternativas señor Efrén, das cales di que a mellor foi esta; mentiras as dúas.

Si que había moitas máis alternativas, e vou ler o que dicía o Sr. Presidente sobre as alternativas que tiña Suplusa, di: “don José Tomé explicou que para poder cumprir o compromiso



de garantir os dereitos do persoal de Suplusa”, o primeiro dereito é a non ser enganados; tiñamos quedado todos, señora Pilar, e están eles diante, de ter unha reunión con eles antes de tomar ningunha decisión, nin houbo reunión nin a vai haber polo que se ve; iso é o socialismo novo, o progresismo de esquerdas.

Ante a única alternativa señor Efrén, di o señor Tomé: “hai catro posibilidades, a primeira deixar de prestar o servizo de mantemento das zonas verdes”, e aínda lles temos que dar as grazas, non poden deixar de prestar o mantemento das zonas verdes porque esas zonas verdes foron expropiadas no seu momento polo Ministerio de Medio Ambiente, é dicir pola Confederación Hidrográfica do Norte de España cunhas condicións da Deputación, entre elas o mantemento; por tanto non pode vostede unilateralmente deixar de encomendar o que ten obrigado por lei e por convenio; por tanto é mentira, non lles debemos ningún favor.

En segundo lugar: “contratar os servizos que viña facendo Suplusa a unha empresa privada”, pois non creo que estiveran moito peor os traballadores pero dende logo o erario público si que estaba porque coa contratación desa acción en fraude de lei que fixeron a TRAGSA mesmamente para restarlle os dereitos ós traballadores, con iso eliminaron a libre concorrancia e encareceron o servizo, vai custar TRAGSA o dobre do que custaba Suplusa.

En terceiro lugar dicía: “provincializar o servizo”, pero vostedes saben o que dixeron no pleno?, que ían provincializar o servizo igual que fixeron co Inludes e coa Fundación Tic, e agora iso é imposible legalmente?, quéreme dicir que os traballadores da Fundación Tic son ilegais?, ou que metade deles perderon o seu posto de traballo?, deixen de mentir.

E por último di: “encargar os traballos a unha empresa pública”, ou sexa que antes non había encomenda de xestión, antes resulta que non era medio propio Suplusa, que é unha empresa pública desta Deputación e de Lugo, agora mercan unha acción o día antes para contratar a unha empresa pública e encomendarlle a xestión; minten ata cando contestan”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. García, teño sorte que a maioría dos que están aquí teñen a capacidade de comprender as miñas palabras máis alta cá súa, porque eu dixen que era a única opción que nos puxera enriba da mesa para manter tódolos postos de traballo e nas mesmas condicións; vostede pode entender o que queira das miñas palabras, pero díxeno claramente e está gravado.

Se fala de porque Suplusa deixou de ser un medio propio aí ten que mirar para o seu propio embigo e para o seu Partido, porque vostedes xogaron con Suplusa a facer un minigoberno da Deputación, e o que conseguiron é que perdera a condición de medio propio, iso sábeo perfectamente. E agora botan as mans á cabeza, pero foron vostedes os que xogaron a facer con Suplusa un circo, destrozaron a lexislatura anterior, colleron Suplusa, e aí como tiñan unha especie de maioría, perderon a condición de medio propio polas súas decisións.

Entonces a única opción xurídico-técnica que había para manter tódolos postos de traballo era esta. E vostede cando di que estaban obrigados a seguir, pois non con todas, e vostede tamén o sabe, pero conta as cousas como quere pero ten máis datos dos que tiña eu porque estaba nas reunións da comisión liquidadora, e sabe que non tódalas zonas verdes eran de obrigado mantemento, entonces non minta; eu sei que viron algo moi proveitoso para dicir que iamos en contra dos traballadores, pero é mentira; fíxese, a mellor opción para os traballadores, para que todos manteñan exactamente as mesmas condicións”.

Neste momento prodúcense diversas manifestacións en voz alta do público asistente á sesión, interrompendo a intervención do Sr. Castro Caloto, polo que o Sr. Presidente pídelles que abandonen o Salón de plenos.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Isto é o que conseguiron coas súas demagoxias, desinformando. Dícialles que saben perfectamente, e sábeno porque teñen información, que o de seis meses foi só agora porque era a forma que había de dotar orzamentariamente para ese tempo, pero non é unha decisión para seis meses, iso sábeno, e en cambio prefiren xogar coa xente dicíndolle que os imos botar á rúa en seis meses, cando saben perfectamente que é mentira.



Falaban antes de politizar, e agora veñen con este xogo, dicíndolle ós traballadores e traballadoras que van ir á rúa dentro de seis meses, saben vostedes que iso é mentira, e teñen información para saber que é completamente mentira, e dálles igual xogar con iso. E despois acusan ó goberno de traer mocións para politizar, vostedes si que politizan calquera cousa.

Entonces sexamos serios, e créanme que se fixo un traballo para manter exactamente a mesma situación que tiñan, e vaise manter; e o dos seis meses é a película que lles quixeron contar vostedes”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“É lamentable ver a utilización que se fai dunha xente humilde me atrevo a dicir, pero sobre todo inocente señor García. Vostedes agora veñen aquí e enarbolan a bandeira da defensa dos traballadores, enfádanse, montan o teatro, pero a verdade é que levan utilizando isto dende o primeiro momento, non perderon unha décima de segundo.

Eu alégrome de que a súa moción hoxe a este pleno chegue tarde, porque se tivera chegado noutro momento ó mellor nos viamos nunha situación de ter ós traballadores na rúa, e vostede sábeo exactamente igual ca min. E os traballadores, ós que vostedes alimentan con información que non é real; ós que lles din que este servizo vai ser moito máis caro, que non o é; ós que lles din que 400.000 euros se ván ó peto de TRAGSA, que non é verdade, porque eles van cobrar a súa nómina, e hai unha formación, hai uns seguros, e hai unha maquinaria que manter; vostedes minten señor García, míntenlle ós traballadores.

A Deputación de Lugo, se non lembro mal, transferíalle a Suplusa para mantemento de zonas verdes 900.000 euros cada ano, podo estar equivocada no dato, pero dende logo era unha cantidade que non era tan elevada con respecto á que vai cobrar TRAGSA; dende logo as garantías comprobáramolas tamén co paso do tempo.

Tamén lles din mentiras cando lles din que ós seis meses van perder o seu traballo; vostedes molestáronse en explicarlle o día que os meteron na súa sede e se reuniron con eles, na sede do Partido Popular, ós traballadores de Suplusa en dicirlles o que era unha encomenda de xestión?, e que tiña unha duración determinada?, e que se renovaba?, igual que pode acontecer cun encargo, cun *in-house* que se lle faga a TRAGSA, vostedes explicáronlles isto?, ou simplemente se sentiron a gusto porque vian que tiñan unha oportunidade política para ir contra este goberno?, iso é o que lles pasou señor García?.

E vostede ten que sincerarse, e non nos pode acusar a nós nin a ninguén, porque se vostede tivera estado nesta mesma situación tivera tomado vostede exactamente a mesma decisión, non me cabe ningunha dúbida, porque vostede non os ía deixar na rúa, non creo que vostede privatizara o servizo, e tampouco creo que fixera un proceso selectivo no que moitos deses traballadores ó mellor non o superarían.

Polo tanto, señor García, desas catro opcións, na que unha era viable a curto prazo e legal, porque iso recoñeceuno vostede, que esta opción era legal, vostede tivera feito exactamente o mesmo que fixo este goberno. Polo tanto deixe de facer demagogia, deixe de utilizar ós traballadores, porque grazas a este goberno van ter o seu posto de traballo garantido e nas mesmas condicións que o tiveron ata o último día do ano 2019, é dicir, ata hoxe”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“As súas explicacións son tan lamentables coma tristes. Fala dos traballadores coma “inocentes humildes”, que falta de respecto á xente!, que pensa?, que son uns señores enganados polo señor García, ou pola señora Candía, ou polo Partido Popular?; estes traballadores levan vinte anos traballando para esta Casa, estes traballadores xa se consultaron en avogados, xa están moi ben informados; e vostede o que fixo foi mentirlles a eles á cara, diante de min e de todos dixemos que iamos ter unha reunión con eles antes de tomar ningunha decisión, e tomárona sen dicirlles nada; deixen de rir da xente.



A vostedes moléstanlles as notas dos veciños do Incio, ós que lle van tomando o pelo doce anos, moléstanlles os traballadores de Suplusa ós que poñen en nadal na rúa, a vostedes moléstanlles dicir a verdade. Sabe que dixo vostede no pleno?, que non se ía facer nada sen as sinaturas de toda a comisión liquidadora, onde está a miña sinatura ou a de calquera de vostedes?, tomaron decisións sen contar coa comisión liquidadora, anunciamos medidas coa comisión liquidadora, imos recurrir ese acordo que é ilegal, e fixeron un fraude de lei; e non traten á xente coma humildes ignorantes porque non o son”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“A verdade que é unha mágoa o que vostedes trouxeron hoxe aquí; e dende logo señor García vostede quere montar aquí un mitín falando da esquerda; cadaún exprésase como quere e eu diríalle a vostede que garde as forzas para as autonómicas porque igual lle van facer falta.

Eu entendo que a oposición está para criticar ó goberno, pero hai que ter un mínimo de rigor. E antes de entrar neste Pleno, segundo me dixeron os medios de comunicación, por exemplo a señora Candia dixo que eran vítimas da estabilidade do señor Tomé; pois mire, grazas á estabilidade do señor Tomé se poden tomar decisións e adoptar esa mellor opción posible para os traballadores.

Logo falan tamén de que teñen unha incertidume, pois ningunha, porque se poden manipular moitas cousas; pero o que teñen agora é unha certeza, e polo tanto teñen unha certidume de que hoxe deixan de pertencer a unha empresa e mañá estarán traballando noutra, nas mesmas condicións e facendo as mesmas cousas, cobrando os mesmos salarios, cos mesmos dereitos, e co mesmo convenio; esa é unha certidume non unha incertidume.

Señor García, comezou vostede falando de enganar; pois mire, enganar é a súa especialidade, eu xa o coñezo hai tempo, coñezo un pouco o seu percorrido, e polo tanto eu sei quen engana e quen non engana señor García. E logo fala de esperpento, mire, en política é convinte non dicir barbaridades, porque aquí, e non quero insultar a ninguén, pero esperpentos pode haber outros, non ó que vostede se refería.

E vostede aquí non propuxo nada, en vez de criticar porque non dixo o que faría vostede?, pero non dixo absolutamente nada.

Fala de enganar ós traballadores, pero quen falou con eles?, nós ou vostedes?, quen os manipulou?, nós ou vostede?, nós puidemos non falar con eles pero non os enganamos, as decisións están en papeis, en documentos, non son de palabra para dicirlles unha cousa e ó mesmo tempo recoñecer que isto é legal; porque iso foi o que ocorreu.

Aquí había catro posibilidades. Había unha primeira que era que se liquidara Suplusa, acaban as zonas verdes e acaban os traballos; evidentemente nós perder os postos de traballo xamais, e dixémolo dende o primeiro momento. A segunda opción era sacar un concurso, que veña a empresa que queira, e os traballadores privatizados, e despois xa vemos como acaban outras privatizacións; esa oportunidade tampouco porque eu non quero privatizar eses servizos. En terceiro lugar incorporalos á Deputación sin máis non era posible, polo que me teñen dito, porque había que facer unhas probas de acceso, e superaríanas todos ou non?, non o sabemos.

Polo tanto cal é a mellor opción señor García?, pois a mellor opción é garantirles os postos de traballo, o salario, os dereitos, pasando dunha empresa pública Suplusa a outra empresa pública TRAGSA, que por certo utilizan cantidade de Deputacións e de concellos do Partido Popular e mesmo a Xunta de Galicia, a pesares de que ten unha empresa propia como é SEAGA. E compramos unha acción señor García para poder ser medio propio e polo tanto a partires de aí si que lle podemos facer encargos; e non só iso, calquera concello da provincia de Lugo, acordado a través da Deputación de Lugo, vaille poder facer encargos a TRAGSA, cun beneficio enorme que é que non van ter que pagar o 21% de IVE, nin teñen que pagar o beneficio industrial, só teñen que pagar unha pequena parte de actos xerais, vostede sabía iso señor García?, pois se non o sabe dígollo eu; e creo que 28 Deputacións de toda España non son todas torpes, haberá algunha que saiba algo, polo tanto creo que non debe estar tan mal a cousa.

Repito, escolleuse a mellor opción posible para os traballadores, Agora non se pode facer por máis de seis meses por motivos de presuposto, pero dentro de pouco xa se vai poder porque vai entrar en vigor o presuposto novo; diga as cousas como son, non anden enganando e mentindo.



Di vostede que agora imos gastar o dobre, iso é mentira, porque aínda que agora son 400.000 euros, e aínda que haxa que dar outros 400.000 serían 800.000, pero é que en Suplusa custaba un millón en números redondos; imos aforrar, alo menos os cargos que había aí e que xa non van cobrar, e tiñan uns soldos moi bos, e había uns cantos cargos que se ve que sobaban, pois eses alo menos xa non van cobrar, fíxese vostede se aforramos.

E de verdade que hai que ter un atrevemento espantoso, porque di vostede que son 400.000 euros para as arcas de TRAGSA, pero logo esta xente non vai cobrar os soldos o día 31 de xaneiro?, non se vai pagar a seguridade social por estas persoas?, non hai que comprar materiais para poder traballar?, ou é que van á conta de beneficios de TRAGSA?, TRAGSA só ten o 1,5% de beneficios que é o que ten que ter para non entrar en perdas a nivel do Estado, pero iso non o digo eu senón que o dín os números de TRAGSA, non ten beneficios industriais; polo tanto se estes cartos van a TRAGSA é para pagar todo isto, e iso hai que dicirlos ós traballadores señor García, para pagarlles o seu soldo, a súa seguridade social, para os gastos da maquinaria, etc.

Mire, os traballadores son os inocentes neste caso, e dende logo vostede non o é, porque vostede manipulou a estas persoas, e precisamente quen os manipula é quen fala con eles porque quen non fala non os manipula porque non tiveron ocasión de facelo. E ademáis eu creo que o seu comportamento como liquidador de Suplusa deixa moito que desexar, creo que hai que ser un pouco máis leal señor García, porque vostede está como liquidador solidario; alí en Suplusa non se está no Pleno da Deputación Provincial nin no do concello, e creo que vostede demasiadas veces está un pouco incómodo e dende logo participa pouco e aporta pouco ó tema de Suplusa.

E xa o dixó antes a voceira do Grupo Socialista, pero vouno dicir eu porque o sinto de corazón, grazas ós servizos desta Casa, grazas á Secretaría, grazas á Intervención, á Asesoría Xurídica, a Contratación, a Persoal, a Medio Ambiente, a todos eses servizos que nin son do Partido Socialista nin son de ninguén, son funcionarios desta Casa que traballan como mellor cren e saben. Así que grazas a todos eles por colaborar nun tempo record a xestionar co Ministerio a compra desa acción, e que esta xente non tivera ningún problema en seguir traballando dende o día 31 de decembro ó 1 de xaneiro que é mañá; e non vai haber ningún problema porque todo iso se fixo nun tempo record a pesares de ter que ir a Madrid asinar a compra desa acción, etc.

Por tanto grazas a todos eses Servizos, e xa se verá no futuro quen é o que minte e o que non minte”.

Neste momento pide a palabra o Sr. Deputado D. José Antonio García López.

O Sr. Presidente manféstalle o seguinte:

“Vostede xa participou no debate e non ten turno de palabra, sabe moi ben que iso é así, o que participa no debate non ten dereito a un novo turno. E se vostede non me aludira a min eu non tería intervido”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día catro ao vinte e nove de novembro de dous mil dezanove, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3641 ao 4171. O Pleno da Corporación queda enterado.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.



O Sr. Presidente manifesta que hai un Rogo e unha Pregunta formulados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

R O G O

Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á realización de obras na estrada LU-P-5602 “Samos-Pintín-Sarria” nos accesos ao núcleo de Pintín.

Intervén para formular o Rogo a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Neste caso o Rogo vai dirixido a unha estrada provincial, concretamente a LU-P-5602 “Samos-Pintín-Sarria”, nos accesos ó núcleo de Pintín no concello de Sarria, tema xa case de mantemento, limpeza de cunetas e encauzamento das augas, que está poñendo en perigo a seguridade”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Moitas grazas polo Rogo presentado”.

P R E G U N T A

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á Casona do Incio.

Intervén para formular a Pregunta a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Unha pregunta moi concreta , que ten previsto facer a Presidencia e o equipo de goberno respecto á *Casona do Incio*?, e ten previsto respectar o compromiso orzamentario do ano 2019 para a recuperación deste inmovible?”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Para unha pregunta concreta, unha resposta concreta; Sra.Candia, vostede que estaba no Consello de Administración de Suplusa, igual có seu compañeiro García, saben perfectamente que a *Casona do Incio* é patrimonio da Sociedade provincial; sabe perfectamente tamén que dende o mes de setembro está en proceso de liquidación, e mentres non se remate o dito proceso teremos que agardar, e logo o goberno da Deputación decidirá, en función de como quede ese patrimonio, o que se vai facer.

Con respecto á segunda parte da pregunta na que nos di se temos previsto respectar o compromiso orzamentario para o ano 2019, vostedes tamén saben que o goberno provincial prevía un investimento de 200.000 euros para reparacións na *Casona do Incio* que non se podían efectuar porque a Sociedade mercantil, Suplusa, non lle traspasaba a titularidade dese ben á propia institución matriz, á Deputación de Lugo. Polo tanto a previsión neste momento é que ata que ese ben patrimonial non se transfira evidentemente o compromiso non está aí, no momento en que sexa transferido, como sempre o fixo un goberno progresista á fronte desta Deputación, seguiremos velando polo interese dese patrimonio”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Eu négome a aceptar como contestación que non teñan previsto unha folla de ruta para O Incio, e nomeadamente non só polas reivindicacións do seu Alcalde senón pola propia ex Alcaldesa que é asesora desta Casa dende hai pouco tempo.

E como vostede sabe foi explicado dunha maneira clara que antes da liquidación de Suplusa os compromisos adquiridos cos concellos ían ser respectados; o feito de que agora teña que esperar ó remate da liquidación faime entender que vostedes non teñen neste momento ningún proxecto para a *Casona do Incio*”.



Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Dígolle o mesmo có señor García, non mintan á xente, non terxiversen as palabras que lles acabamos de dicir. Aquí sempre houbo unha folla de ruta para a Casona do Incio, pero cando vostedes tutelaban a sociedade mercantil esa folla de ruta non lles valía; os compromisos que hai cos concellos efectivamente mantéñense, pero a Casona do Incio é un ben de titularidade de Suplusa, que ten que ser transferido á Deputación no momento que corresponda para que a Deputación poida actuar.

E non hai moito máis que explicarlle, porque vostede ten capacidade máis que suficiente para entendela, outra cousa é o que queira trasladar”.

Neste momento o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira pide a palabra para formular unha Pregunta in voce, séndolle concedida pola Presidencia.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Esta pregunta é importante porque está en boca de tódolos lucenses, e todo o mundo sabe o que pasou co catamarán do río Miño, o chamado Pelegrín I, deixouse de dar o servizo hai tempo, abandonouse e descuidouse o seu mantemento.

O Partido Popular leva en numerosas ocasións apercibindo esta situación, e desgrazadamente acertou no prognóstico do fatal afundimento, ademáis da lamentable imaxe que deu a Deputación de Lugo.

A nosa pregunta é se o Sr. Presidente pódela explicarnos todo o que pasou con estas circunstancias. Porque non se fixo nada ó respecto cando estabamos avisando por parte do Partido Popular?. Canto foi o sobrecoste que tivo reflotar o catamarán?. Que vai pasar co barco?. Onde está?. E se vai seguir ó servizo”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Como sabe as preguntas que se fan no propio Pleno serán contestadas no seguinte. Non obstante indícame a voceira do Grupo Socialista dona Pilar García Porto que está en condicións de poder respostarlle á pregunta. Polo tanto ten a palabra dona Pilar García Porto”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Agardo que a resposta que lle podo dar lle sexa válida. Vostedes probablemente non pediran o expediente pero había un contrato para retirar o catamarán dende hai tempo que se acabou extinguíndo, estaba no Servizo de Arquitectura, e o responsable do contrato era un traballador desta Casa do Servizo de Arquitectura, que nunca chegou a realizarse.

Polo tanto, unha vez rematado ese prazo, se procedeu a unha nova contratación con outra empresa que foi a adxudicataria para retirar o catamarán. Cando se pretendeu retirar o catamarán a propia empresa contratada nese momento nos fixo un informe dicíndonos que as condicións do terreo non eran óptimas para que puideran retirar o barco cos medios cos que contaban. Pasado ese tempo veu a época de choivas, e no medio de todo isto alo menos retirouselle a auga de cuberta en dúas ocasións, e ó mellor nalgunha máis.

Pasado ese tempo o que aconteceu foi que o barco afundiou, e nun tempo record novamente houbo que contratar unha empresa de rescate marítimo para sacalo do fondo do río Miño, traelo ata a beira e transportalo ata as naves de Begonte, o sitio que xa estaba elixido dende había tempo. Tamén isto se sabía na comisión liquidadora de Suplusa porque se pedira autorización para depositalo alí.

E agora o que procede é facer un informe con respecto ó barco para ver se é posible volver levalo á auga ou non. De tódolos xeitos o barco está asegurado, e conta con todo o que ten que contar, tiña moitos anos, e agardamos que se se pode reparar se repare e senón o seguro indemnizara”.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Antes de rematar a sesión o Sr. Presidente deséxalle a tódolos presentes un bo final de ano e un ano novo cheo de saúde para todos, así como moitos ánimos para seguir loitando cadaún dende o seu punto de vista polos intereses dos cidadáns.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.